

Xosé Filgueira Valverde

Por Xesús Ferro Ruibal

Estudante brillante e precoz actor cultural

A patria é a infancia

Xosé Filgueira Valverde (28.10.1906 - 13.9.1996) nace e morre en Pontevedra. Foi fillo de médico e afillado tamén de médico. O pai, José María Filgueira Martínez, empezara sendo axudante de Cobián Areal (discípulo de Pasteur, director do hospital, alcalde e xefe do Instituto Antirrábico) e trala prematura morte substituíuno no Instituto. O padriño, Enrique Ballina, tamén médico, era coñecido como *O médico dos pobres* porque, moitas veces, deixaba discretamente baixo o cabezal dos enfermos pobres o medicamento dunhas moedas: poida que este D. Enrique veña sendo o D. Enrique de *Agromar*¹.

Este ambiente de ciencia e humanismo estimula o neno Filgueira. Pero hai máis estímulos: nun *Adral* (8, 2, 14-15), Filgueira conta que entre as lembranzas da súa infancia están unha meniña de Beade, Hermelinda García, a fiadeira Dolores Mato e a pobre de pedir Lucía Domínguez, que lle aprendían saberes da tradición oral, coma tal o vello romance de Bernaldiño e Sabeliña que el nunca esqueceu e que, tempo andando, identificou co Tristán e Isolda, co idilio de Wagner e cunha Cantiga de Santa María. A ciencia non é só erudición; é tamén humanismo. Pero o humanismo non é só unha posición teórica: é o valor dos humildes concretos, coma aquel padriño D. Enrique Ballina, que nunca pechaba a porta e daba acubillo a un farrapento anónimo que non tiña onde durmir (*Adral* 8, 94, 376). Este é o chan existencial de Filgueira.

Ben mirado, aínda hai que engadir un matiz. O seu pai, José María Filgueira Martínez, era de Mourente (Pontevedra) pero a nai, María Araceli Valverde Yaquero, era de Ugíjar (Granada) e, máis dunha vez, Filgueira dixo e escribiu que a súa fala materna era o andaluz². O detalle non é menor, se pretendemos achegarnos a unha persoa que, por parte, sería durante 40 anos profesor de Lingua e Literatura Española. Agora si que temos o chan existencial de Filgueira.

O estilo pontevedrés de formación

No Instituto de Pontevedra, Filgueira foi discípulo de Losada e de Castelao. Non chegou en tempo de selo de latín de Vicente García de Diego, que só estivera no Instituto de Pontevedra entre 1903 e 1905 pero que axiña publicaría en Burgos (1909) os seus *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética – Morfología)*. Con todo, ese libro debía manter moito peso no Instituto de Pontevedra, porque Filgueira non foi un entusiasta da teoría das raíces helénicas de Galicia (aquela que se condensa nos versos referidos a Pontevedra *Fundote Teucro valiente / de aqueste río en la orilla / para que en España fueses / de villas la maravilla* e que deu ós pontevedreses o alcume de *Os Fundotes*). Quen formulou a teoría das raíces helénicas fora un

¹ D. César Enrique López de la Ballina (1869-1938) rexeitou a oferta de ser profesor na Facultade de Medicina pero foi cofundador da Sociedad Arqueológica e, tempo andando, tamén patrón fundador do Museo de Pontevedra pero, sobre todo, foi *o médico dos pobres*. Cando o párroco asentou a inscrición do falecemento, excepcionalmente e para perpetua memoria, incluíu no Libro de Defuncións unha descrición dos seus méritos humanitarios. Pode lerse en <http://cedofeita.arcanaverba.org/rc9/ballina.pdf>

² Cóntao no prólogo do *Terceiro Adral*, páx. 6.

brillante membro da Sociedad Arqueológica de Pontevedra, Celso García de la Riega. Pero con García de Diego xa lles quedara claro a moitos en Pontevedra que as raíces máis fortes da nosa lingua son latinas, sen comparanza. E Filgueira, como pontevedrés, tampouco foi nunca un entusiasta da teoría das nosas raíces celtas, que na Coruña defendía a Cova Céltiga, capitaneada por Murguía.

Pontevedra tiña e ten personalidade moi definida. Aínda que sexa capital dunha provincia nacida en 1835 sobre a base das anteriores de Tui e, parcialmente, de Santiago (*Sexto Adral* 35, 185-189), Pontevedra tiña ritmo propio. Quedaba nas pedras a lembranza incitante do P. Sarmiento. A do P. Amoedo Carballo, morto no desterro de Mantova e que alí escribira o *Carmen patrium sive Pontevedra*. Quedaba a memoria de Xoán Manuel Pintos. Valle Inclán dá outro bo indicio: disque non fora alumno brillante no Instituto (1875-1885) pero que se formou literariamente -co proveito que sabemos- na riquísima biblioteca privada de Jesús Muruais³.

Estaba tamén a Sociedad Arqueológica, que, dirixida por Casto Sampedro, recollía e estudaba os elementos culturais que corrían perigo, tanto heráldicos coma musicais, e tiña un despacho que era un faro cultural⁴. E estaba a botica de Perfecto Feijoo, que non era só o domicilio do loro Ravachol senón tamén a rebotica pola que pasaron Pardo Bazán, Montero Ríos, Mateo Sagasta, Pablo Iglesias ou Miguel de Unamuno e na que naceron os Coros Galegos ó estilo dos coros rusos.

Non é estraño que nacesse unha tertulia máis directamente galeguista. Foi na casa de Losada Diéguez, na praza de Teucro: asistían Sánchez Cantón, Castelao, Iglesias Vilarelle, Octavio Pintos (Tabucho), entre outros. Losada foi un profesor de Filosofía que resultou admirable para Filgueira e para moita xente do tempo del e cóntao no *Quinto Adral* (89, 349-360). Paga a pena lelo, porque alí tanto se falaba de filosofía, ou de música, como se organizaba fútbol, remo, polifonía ou a galeguización da actividade relixiosa (con versións multicopiadas) ou se deseñaba unha mellor organización da actividade cultural. Naquelas tertulias que chamaban *Xuntanza de Estudos Galegos* fraguouse a conversión da Sociedad Arqueológica en Museo Provincial de Pontevedra; alí ideouse a Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra; alí, a revista *Logos*. Alí tñíase coñecemento directo dos métodos que estaba introducindo en España a Institución Libre de Enseñanza (estudo experimental, in situ, interdisciplinar e en equipo) e alí xurdiu a primeira idea dun Seminario de Estudos Galegos (SEG).

É natural que, cando os de Pontevedra (Bouza Brey e Filgueira) chegaban á Universidade de Santiago, levasen con eles unha claridade de obxectivos, de métodos e de contactos que explican o que aconteceu en Compostela (cóntao, falando de Bouza Brey no *Octavo Adral* 10, 66 ss.).

Cos pontevedreses chega a Compostela a idea do Seminario de Estudos Galegos

³ Tempo andando Filgueira, xa director, mercaría esa biblioteca para o Instituto e en carta (59 de 2.12.1956) contáballe a Otero Pedrayo “[...] enfariñeime na xeira da merca, traslado e tal ao Instituto da Biblioteca Muruais. ¡Madría leva! Non se viu cousa coma ela. Alá está o XIX europeo vivo como en ningún outro recanto de libros”.

⁴ A significanza do “despacho” de Sampedro na cultura pontevedresa foi subliñada por Pimentel, Novás Guillan e Landín Tobío. Estaba na planta baixa da casa situada no cerne da zona monumental entre o Parterre de San Francisco e a Praza da Peregrina. A biblioteca, unha das mellores de Galicia, ben documentada, “à la page” sempre en arqueoloxía, historia e folclore, ocupaba tres departamentos. Soamente nela podían atoparse, acabadas de saír, as edicións dos “Cancioneiros galego-portugueses”. Cando estaba alí, don Casto non pechaba a porta, de xeito que entrabamos coma na nosa casa. A tertulia, da que tanto se ten falado, non era, como adoita, de xente sentada senón de pé, sempre interrompida polos que chegaban e saían. De min, agregado desde os quince anos, podo decir que aprendín moito nela e que fun o único que se atreveu a remexer, sen medo, nos libros e papeis, e o único que derradeiramente sabía onde estaban os que don Casto podía necesitar (FILGUEIRA, X. [1994]: “Sampedro Folgar”, *Octavo Adral* 227). Filgueira conta noutro lugar que a única Historia de la Literatura Gallega de entón (1888) non mentaba aínda a existencia da poesía medieval pero os seareiros do despacho de Don Casto lían alí os Cancioneiros (*Octavo Adral* 59).

En 1922 empeza na USC Filosofía e Letras e en 1923 empeza Dereito (o 1º ano era común). Chegado a Compostela entra en contacto inmediato co arquivista de Santiago Pablo Pérez Costanti (que o introduciu no mundo apaixonante dos arquivos e onde pasou o frío todo da súa vida) e tamén co profesor Armando Cotarelo Valledor (que acabaría dirixindo a súa tese). O día 23.1.1923 (16 anos) publica un artigo sobre Xelmírez na revista escolar compostelá *Renovación*.

Cando lle faltaban 16 días para face-los 17 anos (12.10.1923), fai unha camiñada á Maía (Ortoño e Altamira)⁵ cos estudantes Fermín Bouza Brey, Wenceslao Requejo Bouet, Xosé Pena Pena, Lois Tobío Fernández, Ramón Martínez López, Manoel Magariños Negreira, Francisco Romero Lema e Alberte Vidán Freiría. Na casa da infancia de Rosalía de Castro en Ortoño (Ames) fundan o *Seminario de Estudos Galegos* e alí tamén deciden pedirle ó catedrático de Literatura Española da USC, Armando Cotarelo Valledor, que o presida. En pouco tempo incorporáronse os adultos do Grupo Nós (Castelao, Risco, Cuevillas, Otero Pedrayo) pero tamén Cabeza de León, Gómez Román, Luís Iglesias, Villar Ponte, Lugo Freire, Leandro Carré, López Abente, Pérez Costanti, Aller Ulloa, Federico Maciñeira, Xesús Carro e mesmo o arcebispo Lago González. Aqueles mozos debían ter ben artellado o proxecto para Galicia (estudo experimental, in situ, interdisciplinar e en equipo) se deron incorporado tanta xente consagrada. Filgueira, que leu o seu discurso de ingreso “Festas composteláns na canonización de san Pío V” o 3.11.1923, dirixiu a sección de Historia da Literatura e tamén se preocupou da confluencia gramatical e ortográfica. En 1924 publicou o primeiro artigo no Boletín da Real Academia Galega (“Nuevos documentos para la historia del patronato jacobeo”⁶ (XFV:24).

Queda dito que no *Seminario de Estudos Galegos* (SEG) entrábase, coma nunha Academia, cun discurso de ingreso e un compromiso de traballo en equipo. O SEG planificou en pouco tempo xeiras de investigación interdisciplinar que se foron realizando en 1926 en Monforte, no Carballiño e no Ribeiro. De 1927 a 1935 nas freguesías de Deza, Trasdeza, Carbia, Agolada e Dozón. En 1928-1929 a Terra de Melide pero tamén en Calvos de Randín. En 1932 houbo as de Velle e a de San Pedro de Moreiras. En xullo de 1936 o Seminario percorría as terras de Fisterra e Bergantiños, baixo a coordinación do médico Francisco Esmorís Recamán. Filgueira describe estes desprazamentos interdisciplinares como:

un curso de galeguidade, feito a pé, descubriendo Galicia polos duros camiños da montaña, nos mesóns dos feirantes, nas tabernas da beiramar. E que tiveron o efecto de derruba-las muradelas da fachenda, do protagonismo, do afán pola descuberta persoal e pola posesión exclusiva do dato, negras chatas da erudición miúda. As xeiras fixeron do Seminario unha irmandade⁷, concepto esencial en Filgueira.

E noutro lugar engade

A revista escolar tirada en ‘ciclostil’ na casa de Tobío⁸. As longas camiñatas, á descuberta da Galicia. ¡Que molladuras as do Pico Sacro e a do Pindo...!⁹

⁵ Este tipo de camiñadas de intención cultural repetíronse. Filgueira conta outra que fixeron en 1924 á terra de Iria (Octavo Adral 26, 165-168).

⁶ Incitado por Pérez Costanti. XFV confesa que lle dixo: “Co que temos aquí, o da Catedral, e da Universidade podía quedarlle un traballo ben xeitoso sobre as festas de San Pío V. A visita da Duquesa de Chevreuse válelle para un artigo, repase os libros dos consistorios. Agora que chega o novo Arcebispo, deben lembrar o vello ceremonial de entrada. Xa vexo que non pode dar coa ‘Canción’ de Gayoso Figueroa. Nunca podemos chegar a ter tódolos datos dun estudo. Sempre damos anacos do moito que pode apanñarse. Sabe o que lle digo: mande á Academia o traballo do ‘Compatronato’ denantes que veña outro a pisarillo” (Sexto Adral 1990; 61; 290). Pérez Costanti é un dos seis que o propoñen para Correspondente da RAG.

⁷ Filgueira no prólogo á segunda edición de Galicia. *Terra de Melide Edición facsímil en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos. Limiar de Xosé Filgueira Valverde*. Sada: Edición do Castro; VIII.

⁸ “A revista escolar ‘Adral’, 1925”, *Octavo Adral* (1994) 43; 241-243.

⁹ *Sexto Adral* 64; 300.

O SEG foi posterior ás Irmandades da Fala (1916-1931) e ó Grupo Nós (creado en 1920) pero introduciu en Galicia conceptos, métodos e mesmo actitudes moi innovadoras¹⁰. Non parece hipérbole dicir que o Seminario cos seus métodos creou o concepto de Universidade Galega.

Filgueira fértil e precoz

Filgueira foi fértil e precoz. En 1925 (19 anos) publica *Os nenos* e “Cantigas de El Rei Sabio localizadas na Galicia. San Ero de Armenteira” en *Nós* 21-22: acabará sendo o tema da súa tese de doutoramento. Nese mesmo ano chega a ser Correspondente da RAG (28.2.1925), proposto simultaneamente por dúas ternas de académicos¹¹. Presenta o concerto inaugural da Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra (9.4.1925).

En 1926 participa noutra iniciativa do SEG, elabora en colaboración Tobío, Magariños e Cordal o *Vocabulario popular galego-castelán*, que define 16.700 voces e que viu a luz en *El Pueblo Gallego*. Participa na xeira do SEG a Monforte.

En 1927 licénciase en Filosofía e Letras, sección de Historia en Zaragoza. Publica en *Lar* (da Coruña) *O vigairo* (recreación do gremio de mareantes da Moureira pontevedresa) e en *Arquivos* (do SEG) “A festa dos maíos. Papeletas de folklore galego”. Participa nas campañas de estudos de monumentos de Manuel Gómez Moreno (da Comisión de Estudos¹² en Galicia da Junta de Ampliación de Estudos que tivo moita relación co SEG) e, froito diso, en 1929 publicará en *Nós* “A eirexa prerrománica de Francelos”. Participa nas xestións previas á fundación do Museo de Pontevedra, do que será Secretario en 1929.

En 1928 licénciase en Dereito (USC) con Premio Extraordinario. Empeza a ser axudante interino gratuíto do Instituto de Pontevedra e Secretario da Junta Provincial de PO do Patronato Nacional de Turismo. No SEG pon en marcha a *Catalogación Arqueolóxica y Artística de Galicia* (que é unha actividade que manterá activa toda a vida en diferentes entidades). Traballa na monografía *Terra de Deza* (inédito). No *Diario de Pontevedra* publica tres artigos sobre a fonte da Ferrería. Seguirá traballando en 1930 gratuitamente como Profesor do Instituto de Pontevedra, Arqueiro da Delegación de Facenda e da Biblioteca Provincial. Con Xosé Ramón y Fernández Oxea publicará o luminoso traballo “O baldaquino en Galicia denantes do arte barroco” e pola súa conta seguirá traballando na tese de doutoramento, matriculado na Universidade de Madrid.

En 1931 participa en Labor Galeguista (secretario), na fundación do Partido Galeguista (do que foi un dos seus Secretarios), colabora na edición e difusión do *Álbum Nós* de Castelao (exquisita edición dirixida por Sánchez Cantón) e publica a modélica *Guía de Pontevedra*. Debemos salientar unha conferencia no Instituto, “La lengua materna y el idioma nacional: Aplicación de

¹⁰ Filgueira lembra tamén a significación de introduciren eles o canto do *Gaudeamus igitur* (*Sexto Adral* 60, 288-289).

¹¹ Propóñeno Pablo Pérez Costanti, Casto Sampedro e Salvador Cabeza de León con estas palabras: “*aventajadísimo alumno de la Facultad de Filosofía y Letras y de la de Derecho de la Universidad Gallega, entusiasta propulsor del Seminario de Estudios Gallegos y ya excelente investigador llevado a figurar en primera línea entre los cultivadores de la Historia Regional. Sus principales trabajos son ‘Las fiestas de la canonización de san Pío V en Santiago’, ‘Nuevos documentos para la historia del pleito del Patronato de Santiago’, ‘Narraciones extranjeras de la peregrinación Compostelana’, ‘Ceremonial de entrada de los Arzobispos en Compostela’ y el magno trabajo todavía inédito titulado ‘Fuentes y derivaciones de la Cantiga CIII’*”. Consérvase unha segunda proposta asinada o 19.1.1925, propóñeno Francisco Ponte, Eladio Rodríguez e Eugenio Carré. Di así: “*Los Académicos de Número que suscriben tienen el honor de informar que D. José F. Filgueira Valverde debe ser proclamado correspondiente de la Corporación por concurrir en él todas las circunstancias que exigen los Estatutos*”. A acta do día 28.2.1925 di que nesa sesión elixíronse como Correspondentes D. José Couselo Bouzas, D. Jesús Carro García, D. Fermín Bouza Brey, D. Ramón Salgado Toimil, D. José F. Filgueira Valverde, D. Antonio Méndez Casal, D. Alvaro Elices Gasset, D. Rui de Lugo Vila, D. Mariano Miguel e D. Juan Fitz-Gerald.

¹² É sabido que se chamaban *Misión de Estudios* en pero, como viñan de fóra, ós colaboradores galegos soáballes moi colonizador e conseguiron que lle chamasen *Comisión de Estudios* en...

la lengua materna a la enseñanza”, porque, baseándose na doutrina de Sarmiento, anticipa xa a súa intensa participación na mesma dirección na elaboración da Lei de 1970.

Os anos seguintes (1932-1934) teñen moito que ver co traballo político a prol do Estatuto, na Asamblea de Municipios, como secretario de Labor Galeguista. Pero non deixa outras fronteas, porque en 1932 escribe *Agromar*, peza que probablemente representou cos alumnos¹³ pero que non editou ata 1936; tamén dá un *Curso de Literatura Galega* (15 conferencias) na Universidade, dirixe no SEG a subsección de Historia da Literatura (Galega); e publica a *Guía de Santiago de Compostela*. Noméano Correspondente da Real Academia de la Historia (1932) e no Instituto pasa a ser encargado de cátedra (1933). Publica un traballo sobre “A Fonte da Ferrería” (*Arquivos* VI). En 1934 danlle unha bolsa para estudar a organización de museos pequenos en Bélxica e Holanda pero non vai. En cambio, publica con Sebastián González García-Paz e Xesús Carro a memoria dos traballos do SEG: *Terra de Deza*.

Nestes anos 1935-1936 tivo en marcha un compromiso do SEG, a *Antoloxía de Poesía Galega*, elaborada coa participación directa dos escritores consultados e que tardou 62 anos en ve-la luz¹⁴. O ano 1935 foi un ano academicamente feliz porque consegue a Cátedra do Instituto Balmes de Barcelona (saca o número 2 e acaba permutando coa praza de Lugo) e defende con éxito a tese de doutoramento *La Cantiga CIII: noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval* (dirixida por Armando Cotarelo Valledor): xa é catedrático e doutor.

A política autonomista e Agromar

Pero 1935 foi para Filgueira o principio dun sexenio amargo por diferentes convulsións políticas. No momento no que de Rusia viñan novas de expropiación de terras ós campesiños e de persecución relixiosa, Filgueira non entendía a alianza do Partido Galeguista coa Frente Popular nin que nas manifestacións en Pontevedra se oíse *¡Viva Rusia!* Nunha conversa o 18.3.1982 na súa casa díxome:

Cando o PG se aliou co Frente Popular, nós entendemos que era un erro estratéxico porque, despois de séculos de loita contra os foros, Galicia acababa de conseguirla propiedade da terra [26/6/1926] e esa alianza co marxismo resultaba incomprendible para as maiorías que acabarían levando tódolos votos a Calvo Sotelo. Por iso creamos a Dereita Galeguista (cristiá, non laica; cooperativista, non socialista; pero galeguista, republicana e democrata).

Bóveda, sen compartilo, comprendeuno e n’A Nosa Terra escribiu

Eu teño a seguranza de que alí donde esteña Filgueira haberá sempre un obreiro da Causa galega. Que se pode traballar por Galiza e facer xurdía patriótica laboura dende varios campos. (A Nosa Terra 25.5.1935)¹⁵.

¹³ O teatro escolar é algo que considerou necesario complemento da docencia. En 1963 publicaría *Cinco piezas breves de teatro escolar con figuras de los siglos de oro* (Madrid: Dirección General de Enseñanza Media).

¹⁴ FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (2008): *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada*. Edición de Ana Acuña e Xesús Alonso Montero. Museo de Pontevedra e Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales: Vigo; 315 páxs.).

¹⁵ Unha cita algo máis ampla pode ser útil a algún lector. Velaí: *O feito de que Filgueira teña deixado de pertencer as nosas fías endexamais podería xustificar o noso silencio [...] Eu non podo esquencer –nin debe esquencelo ningún galeguista– que Filgueira Valverde foi un dos fundadores do noso partido e, durante dous anos, un dos seus segredarios máis traballadores [...]. Se agora Filgueira entende que o seu posto non está á nosa veira e*

No convulso 1936 apoia o voto autonomista e en maio publica *Agromar*, un texto teatral de defensa do mundo traballador galegofalante, crítico coa parte parasitaria e castelánfalante do mundo urbano, está cargado de esperanza. Este texto, que estaba escrito dende 1932 e que enmascara a fondura humanística e política nunha escrita aparentemente simple, sorprende hoxe por innovador, xa que 30 anos antes cá *Opera aperta* de Umberto Eco e 65 anos antes cás licencias *Creative Commons*, o autor permite expresamente modificar ese texto aberto, poñendo como única condición que á nova farsa resultante *non veñan luxala nin a acedume nin a xenreira*: “*Agromar*” é un berro de irmandade! Isto está publicado en maio de 1936. Este abri-lo texto a tódalas innovacións significa non só que Filgueira entrega a súa obra e vaise (o que hoxe se chama “morte do autor”) senón que, con esta apertura, o conflito lingüístico de Galicia xa non é só lingüístico nin só galego senón metáfora de tódolos conflitos humanos: de clase, de raza, de xénero, de relixión. Se detectar culpables é menos útil que estimula-lo afecto, se a solución é a irmandade, calquera texto adaptado mantería a esencia da peza *Agromar*, escrita ós 26 anos *para agarimar a enxebreza dos nenos e darlles un ideal!*

A guerra civil

Estoupa a guerra e colle o Seminario de Estudos Galegos iniciando a xeira de estudos da *Terra de Fisterra*, coordinada polo médico Esmorís Recamán.

Unha guerra civil é unha onda expansiva de medo recíproco que se converte en catástrofe humana e que escribe o futuro para varias xeracións. ¡Mal dos inocentes que morren, porque non volven! ¡Mal dos achegados, que sofren danos colaterais! ¡Mal tamén dos que a casualidade garde da morte, porque os acompañará sempre algunha sospeita (ou calumnia) que explique a supervivencia!¹⁶. Pero na guerra hai tamén, sempre, episodios de solidariedade eficaz que, pola necesaria eficacia, quedan selados por un segredo definitivo. Tal acontece cando alguén se ve inesperadamente forzado a agachar unha persoa vítima dun medo insuperable. Cando a situación se prolonga no tempo non é doado encontrarlle unha saída feliz. Ata onde eu sei, de primeira man, Filgueira e a súa dona viviron unha destas situacións e tiveron a sorte de encontrarlle un final feliz anos despois sobre a base dun silencio perpetuo de catro persoas, os atobantes, a persoa atobada e unha autoridade. Ese silencio foi tan ben gardado ata hoxe, que só os familiares da persoa agachada poderán dicir algo, porque Filgueira quixo leva-lo nome á tumba e na louva do *Galego Egrexio*, que fixen en 1995, só puiden facer unha alusión en forma de metáfora.

Durante a guerra (1936-1939) foi profesor no Instituto de Lugo e actuou como vogal da “Junta de Cultura Histórica y del Tesoro Artístico de la Provincia de Lugo”, dende onde participou na defensa do patrimonio artístico de Asturias, Cantabria e León¹⁷. Casa en Lugo con María Teresa

*decidíu arredarse das nosas fías ¿porqué ha de parecernos que o guían propósitos ruíns e con qué lóxica e dereito poderemos ademitir que se censure a súa obra que temos reputado deica agora de boa no orde patriótico [...] Eu teño a seguranza de que alí donde esteña Filgueira, haberá un obreiro da Causa galega (A. Bóveda: “Filgueira Valverde e nós”, *A Nosa Terra* 25.5.1935).*

¹⁶ A traxedia de Bóveda, da que unha vez Filgueira tivo a amabilidade de falarme, levábaa escrita na alma, e non precisaba que viñese en 1972 o libro de Álvarez Gallego a multiplicala con falsidades que non só caen de seu por contradicións internas (datas imposibles, ocultación do sistema procesal) senón que están desmentidas pola amizade perenne de Bóveda e Filgueira, pola das súas familias, pola de amigos como Xosé Sesto, que foi quen puxo a bandeiriña galega no peito morto de Bóveda. Caen tamén polas propias Actas do xuízo. Hai máis intimidades que, aquí tamén, a man esquerda non debe saber por vontade de Filgueira, e que confirman que a discrepancia política conxuntural non impide que os dous sexan traballadores da mesma causa. Co que sei e calo estou seguro de que, alá onde estean, Bóveda e Filgueira seguen sendo os amigos que foron en vida.

¹⁷ Quizais tamén o foi en Galicia. Hai constancia dunha visita do Servicio de Defensa del Patrimonio Artístico Nacional en 1938 a Carboeiro e Filgueira publicou en 1940 “San Lorenzo de Carboeiro”, *Archivo Español de Arte* 14 (1940/41); 59-68. Pero, en Carboeiro, coma noutras partes, o brutal estado de deterioración de tan magnífico edificio era un asunto que parecía anecdótico, fronte ás circunstancias da guerra e á falta de medios.

Iglesias de Oscáriz. Asume a publicación d' *O Gaitero de Lugo*, que era un calendario popular en forma de folleto: Filgueira transformouno en monolingüe galego, con prognósticos meteorolóxicos (disque feitos polo astrónomo do SEG Ramón María Aller Ulloa), con noticias de interese agrícola, algunhas cousas de tradición oral, curiosidades culturais e, por veces, algún poema de autor. Con algunha concesión á censura, este humilde folleto disque vendía arredor de 50.000 exemplares, converténdose en presenza palpable da lingua galega nos anos máis difíciles: Filgueira seguiu facendo ata 1957 (*Terceiro Adral* 1984, 247-253). *O Gaitero de Lugo*, estratexia de resistencia idiomática, foi un cordón umbilical da lingua galega da república ata que xa puidemos ter editoriais galegas (1949, 1950).

Non é un dato menor da súa estadía en Lugo a descuberta dun vocabulario manuscrito (150 voces da bisbarra de Lemos) que o Bacharel Olea contra 1536 fora anotando no dorso dunhas láminas dunha edición da *Xeografía* de Ptolomeo. Esa listaxe é o primeiro traballo lexicográfico sobre o galego e adiantou dous séculos o inicio da filoloxía galega, que antes se situaba no XVIII co P. Sarmiento e que agora se inicia en 1536. Deuno a coñecer en 1947 (“El primer Vocabulario Gallego y su colector, el Bachiller Olea (c. 1536)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 1947, 591-608)¹⁸.

A docencia

En 1941, cando xa está en Pontevedra, no Instituto, as novas autoridades obríganlo a formar parte de diversos Tribunais de menores e de Depuración de Funcionarios e nos 18 anos que vivín na Caeira nunca oín outra cousa que esta: sempre buscou poñer sentidiño na barbarie. Os testemuños orais que eu recollín en Pontevedra falan de que, des que era director do Instituto (1946), mesmo facilitou a vivenda do Director do Instituto que el non usaba. A correspondencia con Otero Pedrayo acredita a súa intervención a prol de profesores sancionados (incluído o propio Otero) e de que mesmo se ofreceu para intenta-lo regreso a Galicia de Castelao en vida, se el quixer¹⁹.

Un Instituto de vangarda

Filgueira foi autor de libros de texto de Lingua e tamén de Literatura española que se utilizaban por toda España; e tamén editou obras teatro para a representación nos Centros.

Como director do Instituto, cómpre salientar que, baixo a súa dirección, o Instituto de Pontevedra estivo catalogado entre os mellores de España e obtivo algún premio de excelencia. En deportes destacaban en atletismo, mozos e mozas: coñezo unha muller que hoxe supera os 70 anos e que aínda di vivir do moito baloncesto que xogou, da moita natación que aínda practica e, mesmo, do alpinismo. Isto era Filgueira, que tamén foi pioneiro en introduci-lo Gabinete de Psicoloxía no Centro.

Outra faceta era a musical: o Instituto de Filgueira tiña un Coro de voces mixtas que paseou toda España (en auditorios moi escolmados) e mesmo varios países europeos. A fórmula era case sempre combinar unha conferencia artística ou literaria de Filgueira con ilustracións musicais contemporáneas. Contan moitos alumnos que Filgueira, como profesor, sempre situaba

Véxase ABAL, Alicia (2008-2009): “El monasterio de San Lorenzo de Carboeiro: intervenciones en el patrimonio y teorías de la restauración”, *Abrente* 40-41 (2008-2009); 75-106.

¹⁸ Incluíuna no *Adral VII*, 1992; 34-48. X.L. Pensado Tomé, 56 anos despois, volveu sobre o asunto, mellorando substancialmente aquela edición (BACHILLER OLEA; PENSADO, JOSÉ LUIS [ed.] [2003]: *Vocabulo[s] gallegos escuros: Lo [que] quieren dezir. Anexo 7 de Cadernos de Lingua*. 326 páxs.).

¹⁹ FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (2009): *Epistolario*. Xosé Filgueira Valverde. Ramón Otero Pedrayo. Compilado por M^a Jesús Fortes Alén. Estudo preliminar de Ramón Villares Paz. Pontevedra: Museo de Pontevedra (Otero cartas 55, 58, Xesús Golmar 138, 141, 142, 143; Castelao: 113).

un feito literario no contexto musical, arquitectónico, escultórico ou pictórico en que xurdira, porque os escritores sempre camiñan ó compas dos escultores, músicos e pintores do seu tempo e porque os soños, os medos e os conceptos que están no aire son os mesmos para todos. Deste xeito a música explícase pola literatura, a arquitectura e a pintura e viceversa. Cando a Filgueira, autor de libros de texto de literatura que se seguían en toda España, o convidaban a dar unha conferencia, sempre ofrecía dala gratis, a cambio de que lle levasen o Coro do Instituto e explicar así o tema que lle pedían con ilustracións musicais. Por este sistema o coro fixo un repertorio amplo, acorde cos momentos literarios explicados e, con este sistema, percorreu toda España e aínda fixo algunhas incursións nos países máis próximos.

Da calidade do Coro do Instituto de Pontevedra quero dar unha referencia persoal. No principio dos anos 60 veu ofrecer un concerto a Santiago e escolleron San Martiño Pinario, a igrexa do Seminario Maior. A ese concerto, que coído que era na Coresma, permitiron que asistísemo-los seminaristas. Tivo a introdución e comentario consabido, fórmula para min nunca vista, pero a nosa curiosidade estaba no Coro, porque o programa era o mesmo que a nosa Schola Cantorum (dunhas 100 voces mixtas) interpretaba na catedral: música fundamentalmente de Tomás Luis de Victoria. E lembrarei sempre a impresión que me produciu que aquel *O vos omnes*, aquel *Caligaverunt*, aquel *Popule meus* soaban máis íntimos e matizados de como o faciamos nós. Foi, para que se entenda, coma se o Deportivo viñese a Vigo e nos gañase de forma inapelable. Era magnífico aquel coro. O tempo permitiume coñecer algúns homes e mulleres que formaron parte daquel Coro e aínda hoxe se emocionan lembrando aqueles concertos e aquelas viaxes. Pois isto era tamén Filgueira.

O berro galego trala guerra

Na vida de Filgueira sorprende a vitalidade. Non parecía haber asunto que o cansase; nin obxectivo novo que lle resultase imposible de conciliar cos que xa tiña antes. En 1940 fano Vicepresidente da Comisión Provincial de Monumentos Histórico-Artísticos de Pontevedra e publica unha boa nota verbo de San Lorenzo de Carboeiro²⁰. Elíxeno Director do Museo de Pontevedra. El inicia xa as exposicións monográficas temporais, característica esencial deste Museo.

En 1941 publica en Pamplona as *6 canciones de mar “in modo antico”*, que empezan con esta convocatoria descarada

*Porque non seca a morte a fonte das cantigas
eu vos chamo, segreles, que veñades cantar.*

Este desafío galego á morte en 1941 contrasta co inmediatamente posterior *HABLE BIEN. Sea patriota. No sea bárbaro* de 1942²¹. Lembremos que Filgueira coñecía os cancioneros medievais dende o despacho de Casto Sampedro e que, ademais da tese de doutoramento de 1935 sobre a cantiga CIII de Afonso X, fixo o discurso *Da épica na Galicia medieval* para o ingreso na RAG como Académico Numerario²².

É ben sabido que, polas circunstancias da posguerra, o 27 de xullo de 1941 celebrouse no Paraninfo da Universidade de Santiago o acto de ingreso conxunto de dezanove académicos e foi Fermín Bouza Brey quen, en nome de todos, deu lectura ó seu propio discurso *La mitología*

²⁰ Filgueira Valverde, Xosé (1940): “San Lorenzo de Carboeiro”, *Archivo Español de Arte* 14 (1940/41); 59-68.

²¹ Cómpre lembrar que no ano seguinte, 1942, aínda se difundía na Coruña a folliña voandeira intimidatoria que dicía: “*HABLE BIEN. Sea patriota. No sea bárbaro. Es de cumplido caballero, que Vd. hable nuestro idioma oficial o sea el castellano. Es ser patriota. Viva España y la disciplina y nuestro idioma cervatino. ¡¡Arriba España!!*”.

²² Proposto por Federico Maciñeira y Pardo de Lama, Manuel Casás Fernández e Ángel del Castillo López. Precoz tamén nisto, porque se cadra non hai outro que, coma el, ingresase sen face-los 35 anos.

del agua en el noroeste hispánico. O discurso de Filgueira (coa resposta en nome da RAG de Ramón Otero Pedrayo) publicaríase en 1973. &&

Museo e Instituto de Estudios Gallegos: reconstrucción da memoria dun pobo milenario

Unha das peculiaridades que distinguen do común a Filgueira é o espírito dialogante, o método e a vontade indomable de **non se dar nunca por vencido na procura dos obxectivos establecidos**. A guerra civil (1936-1939) matara ou dispersara amigos pero non deu matado os sonhos. Un deles, central para Galicia, era o *Seminario de Estudos Galegos*. El e outro fundador, Fermín Bouza Brey, agora xuíz, conseguen que o fabuloso tesouro prehistórico de Caldas (se cadra o máis importante do Bronce Antigo de Europa occidental) atopado en 1940 non acabase todo en lingotes no mercado negro senón que hoxe poidamos contemplalo nas vitrinas do Museo de Pontevedra e estuda-lo que nos di da nosa prehistoria.

En 1942 pon en marcha a revista *Museo de Pontevedra* e, tras un longo traballo de ordenación, transcripción e mesmo estudo especializado, converte o feixe de notas de Casto Sampedro no *Cancionero Musical de Galicia*²³, que fixo posible co tempo a aparición de Milladoiro e de tódolos músicos que, no ronsel de Milladoiro, acabarían desvelándonos a nosa identidade musical e levándoa con orgullo polo mundo enteiro. Falando deste *Cancionero*, Sánchez Cantón manifestaba o asombro pola capacidade de Filgueira de autoformarse para xestionar temas novos.

O Museo incorpora en 1942 o 2º edificio (G. Flórez) cunha sala de tema naval e en 1945 instalarán nela a Cámara de Oficiais da fragata Numancia (do Almirante Méndez Núñez), que sorprende ás autoridades da Mariña. O Museo monta a súa exposición permanente de acibeche e fai o catálogo. Nese mesmo ano faise a Exposición (e catálogo) de Santa María la Mayor, igrexa de Mareantes. En 1945 publicará “El ‘Planto’ en la Historia y en la literatura gallega”. E en 1946 edita no Museo *Archivo de mareantes* (14 páxinas de introdución histórica ó Gremio, 305 páxinas de documentación e 48 de láminas), no que edita e estuda a documentación do poderoso Gremio de Mareantes ou Confraría do Corpo Santo, que habitaba na Moureira baixo as Torres Arcebispaís: precisamente sobre a máxima autoridade do Gremio, *O Vigairo*, fixera aquel retrato novelado en 1927. Verbo do propio Museo publicou Filgueira 51 artigos²⁴.

En 1943 empeza a tecer con Sánchez Cantón e con Bouza Brey e outros para crear, dentro do Consejo Superior de Investigaciones Científicas, un **Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (IEGPS)**. Que non era o mesmo có Seminario, sabíanos eles mellor ca ninguén (de feito Filgueira acabará participando na recreación do Seminario de Estudos Galegos con Isaac Díaz Pardo nos anos setenta), pero o IEGPS permitiría reagrupar parte do espolio e reiniciar parte dos traballos, aínda que temporalmente non puidesen publicarse en galego. Estratexia de resistencia; estratexia do posible. Os tres puxeron como condición que Otero Pedrayo entrase a dirixi-la sección de Arte. As negociacións coas autoridades non foron doadas pero o IEGPS, sucedáneo do SEG, nace en 1944 e no primeiro número de *Cuadernos de Estudios Gallegos* Filgueira publica “La iconografía de Santiago y el grabado compostelano”.

²³ *Cancionero musical de Galicia. Colección de la Sociedad Arqueológica de Pontevedra reunida por Don Casto Sampedro y Folgar. Reconstitución, introducción y notas bibliográficas por José Filgueira Valverde*. Madrid: Diputaciones de las cuatro provincias del Antiguo Reino de Galicia, Museo de Pontevedra. 1942; 2 vols. Tivo en 1982 reed. facsimilar (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa); e nova edición no 2007 (*Cancionero musical de Galicia reunido por Casto Sampedro y Folgar; estudios críticos de Luís Costa, Xavier Groba, José Carlos Valle y Carlos Villanueva; coordinación Carlos Villanueva*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza). Filgueira sería aínda nesa mesma Fundación un gran valedor para as magníficas edicións doutros dous grandes cancioneros: o *Cancionero gallego* de Torner-Bal y Gay (en 1973) e o monumental *Cancioneiro popular galego* de Dorothe Schubarht-Antón Santamarina en 6 tomos e 10 vols. (1984-1995).

²⁴ Están recollidos nun libro-homenaxe de 1997: *O Museo de Pontevedra na obra de D. Xosé Filgueira Valverde. (Dispersos)*. Pontevedra: Museo de Pontevedra; 358 páxs.

Museos + Exposicións + Formación

En 1934 a Filgueira concedéranlle un bolsa para ir estuda-lo funcionamento de museos pequenos en Bélxica e Holanda. Non foi alá porque tiña a urxencia de rematar aquel ano (con Sebastián González García-Paz e Xesús Carro) a memoria dos traballos do SEG *Terra de Deza*; por parte, estaba preparando as cátedras e ultimando a tese e as tres cousas sucederían con éxito en 1935. Pero a lembranza da súa visita constante dende os 15 anos ó despacho de Casto Sampedro deulle a idea dos *alumnos colaboradores*, coa que o futuro Museo de Pontevedra sería pioneiro e que decidiría a vocación universitaria de moitos deles. Que lle concedesen esa bolsa europea ós 28 anos revela que Filgueira xa sabía que un Museo non é un almacén de trastes vellos nos andeis, senón un truco didáctico para facer eterno o pasado e facer visibles as nosas raíces: en definitiva, un Museo é unha ferramenta da conciencia colectiva, unha cuestión nacional. Para iso, un Museo ten que facer periodicamente exposicións monográficas e cada unha destas débese perpetuar e saír do museo convertida en Catálogo con boas imaxes e comentarios específicos redactados polos máis entendidos que *fagan que as cousas falen*.

Por esa razón, Filgueira organizou exposicións tanto no Museo, coma no Instituto de Estudos Gallegos P. Sarmiento, coma no Consello da Cultura Galega. O cadro que segue indica aquelas que el dirixiu e das que redactou o catálogo.

EXPOSICIÓNS QUE ORGANIZA E DAS QUE REDACTA O CATÁLOGO		
Museo de Pontevedra	Exposición de Acibeches	Pontevedra 1943
	Santa María la Mayor, iglesia de Mareantes	Pontevedra 1945
	Pontevedra, fortaleza arzobispal	Pontevedra 1947
	Serie Didáctica de Prehistoria y Arqueología	Pontevedra 1952
	Petroglifos de la provincia de Pontevedra	Pontevedra 1953
	Jenaro Pérez Villaamil (1807- 1854)	Pontevedra 1954
	Iconografía mariana (con A. García Alén)	Pontevedra 1959
	IV centenario do peche das bóvedas da Igrexa de Santa María de Pontevedra	
	Fernando Álvarez de Sotomayor	Pontevedra 1960
	Pontevedra y el mar	Madrid 1963
	Camoens	Madrid 1972
Instituto de Estudios Gallegos P. Sarmiento	La imprenta compostelana. Libros y folletos hasta 1868	1948
	Grabado Compostelano	1949
	La Venera	1965
	A Virxe Peregrina	1971
	O Seminario de Estudos Galegos	1973
	Castelao e os Estudos Galegos	1977
Consello da Cultura Galega	Frei Martín Sarmiento e a Galicia do seu tempo	1995
Participa na organización e no catálogo	Pintura Gallega	B. Aires 1984
	Santiago de Compostela 1.000 Áns de Pèlerinage Européen	Europalia 1985
	Imaxes da Arte en Galicia	F. Barrié de la Maza Gulbenkian, Lisboa 1991
	Do Tardogótico ó Manierismo. As relacións artísticas entre Galicia e Portugal	F. Barrié de la Maza Gulbenkian, Lisboa 1995

O Museo de Pontevedra é hoxe a casa de Castelao, pola vontade do rianxeiro e da súa dona, Virxinia Pereira: mais tamén polo apoio económico de Álvaro Gil e de José Fernández López e de intensas e insistentes xestións. Quen nunca xestionou nada en tempos de ditadura probablemente non percibirá o atrevemento, en 1951 e aínda en 1969, de dar tratamento tan preferente á obra dun exiliado²⁵. E hai máis: un Museo non nace feito e poucas cousas chegan gratis ou en depósito a el. Hai que traballar moito para detectalas no mercado libre ou no mercado negro, para que non as destrúa a ignorancia ou para que non acaben nas Galerías de Arte estranxeiras. Hai que buscar diñeiro para mercalas. Cando unha peza valiosa entra pola porta do Museo no que lle cómpre estar é unha vitoria de moita xente.

Visibilizar Galicia: a Bibliografía e a Catalogación Arqueolóxica e Artística de Galicia

Unha das ideas constantes de Filgueira era que boa parte dos nosos males nacen de insuficiente conciencia do nós. Tanto que máis dunha vez dixo que con gusto cambiaría o verso do *rudo encono* do noso himno por *Non des a esquecemento canto tés de valía*. Esa falta de conciencia para el procede de que hai (había cando el era mozo) moi poucas fontes de información que nos axuden a interpreta-lo que vemos e oímos, de xeito que entendamos que somos unha terra e un mar concreto, unha comunidade humana cunha historia e prehistoria común, unha maneira de pensar e sentir (é dicir, unha lingua e tamén unha música): en definitiva, un pobo con carácter definido en Europa pero tamén entre España e Portugal. A iso os de Ourense na súa mocidade chamáronlle *Nós*.

Filgueira falaba dunha especie de *nebulosa*, que é o que no século XXI chamamos *falta de visibilización*. O P. Sarmiento deixara información moi luminosa sobre a lingua e o ser de Galicia pero non publicou e así fallou na visibilización do seu pensamento; se non fallase, o século XX en Galicia empezaría xa no século XVIII. Consciente disto, Filgueira tivo sempre a obsesión de facer fichas descritivas das cousas que se ían publicando e telas ordenadas. Contan os fillos que os sábados pola mañá eles xa sabían que, antes de iren xogar ou a outros leceres, tocáballes repasar periódicos e revistas, facer retrincos de informacións que tivesen que ver con Galicia e a súa cultura e ordenalos.

Non acaba aí a tarefa. Todas esas fichas hainas que difundir, para que sexan ferramentas na man de todos. Por iso el xa con 25 anos (1931) empeza a publicar na revista *Logos* sistemáticos retrincos bibliográficos. Asinaba aquilo como L. ou como J. Acuña (heterónimo que utilizou tamén para a peza teatral *Agromar*). A información era sempre unha ficha bibliográfica completa pero engadía unha descrición do contido de nove ou máis liñas.

Lembro que o ano en que morreu leveille o primeiro *Informe de Literatura*, preparado no Centro Ramón Piñeiro, no que se recolle noticia exhaustiva de toda a produción literaria dese ano, en fichas idénticas ás que el facía en *Logos* en 1931, e alí me tivo media hora pasando páxinas en silencio. E, ó cabo da media hora, díxome *¡Quen nos dera ter isto mesmo dende 1900! ¡Que distinta sería hoxe a situación de Galicia!*

Nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* esa sección empézaa el no tomo I e, para termos unha idea, estas son as páxinas que ocupa nese tomo: 141-173, 301-324, 481-509. Seguen esta sección outros colaboradores, con ou sen Filgueira²⁶, e en 1987 o Anexo 34, *Bibliografía de Galicia*, está formado por 3 volumes (1982-1987) e as fichas xa van da 16.909 a 26.000. Velaí un exemplo do traballo en equipo, con persoas que se van remudando co tempo, e que garante

²⁵ Filgueira conta os miúdos destas xestións no *Cuarto Adral* 12, 135-141.

²⁶ Na publicidade final de *Ideas y Sistema de la Historia en Fray Martin Sarmiento* di que “se publica periodicamente en *Cuadernos de Estudios Gallegos* desde 1974. Con la colaboración de Alfredo García Alén y José Fuentes Alende”.

esa *continuidade beneditina*, que Sarmiento consideraba indispensable nas obras de interese nacional.

O *Inventario de monumentos arqueolóxicos*, concepto que ampliou ata ser *Catalogación arqueolóxica e artística de Galicia*, foi outra das preocupacións constantes e niso traballou conseguindo interesar non só numerosos investigadores²⁷ senón tamén a Fundación P. Barrié de la Maza, que fixo posible magníficas edicións. En 1987 reeditou a súa dos baldaquinos, feita con Xosé Ramón y F. Oxea en tempos mozos. Téñase en conta que esta serie contén inventario de debuxos castrexos, marcas de canteiro, reloxos de sol, castelos, cadeirados de coro, cadernos de debuxos, muíños de marés e de vento, e tamén de obras pictóricas e escultóricas de autor.

Houbo tamén un proxecto de *Historia de Galicia* que se concibiu simultaneamente no IEGPS e no exilio bonaerense, e na correspondencia entre Filgueira e Otero vese que pensaron case nas mesmas persoas para os mesmos asuntos. Finalmente a Historia fíxose dirixida por Otero e o IEGPS traballou nunha serie *Galicia histórica*.

A Editorial Bibliófilos Gallegos (25.7.1948)

Esta editorial constituíuse no Hotel Compostela de Santiago o 25 de xullo de 1948. Alí 37 accionistas subscribiron un total de 60 accións. A escritura notarial de constitución como S.A. é do 4.1.1949 ante o notario de Santiago Constantino Girón Mallo e nela asinan F.J. Sánchez Cantón, Marcelino Blanco de la Peña, Juan Gil Armada, Fernando Alsina González, José Filgueira Valverde e Felipe Cordero Carrete.

Esta editorial, que estreou o seu catálogo en 1949 cunha obra de Ramón Cabanillas (*Camiños no tempo*)²⁸, seleccionou mediante concurso aberto e editou a primeira novela longa en galego (*A xente da Barreira* de Carballo Calero), a tradución do *Cancioneiro da poesía céltica* de Pokorny e premiou un, aínda inédito, *Refraneiro* de Vicente Llopiz Méndez. Tiña unha colección *Obradoiro* (para arte), *Bibliófilos* (facsímls de obras galegas raras e notables), *Enciclopedia Gallega* e, finalmente, *Biblioteca Galicia* (literaria, iniciada con *Camiños no tempo*). Era editorial bilingüe e, tempo andando, foi a que conseguiu ofrece-la primeira *Biblia* completa en galego (1974-1984), aínda que non nun único volume. Filgueira dedicou con Sánchez Cantón e con Cordero Carrete moitas horas e entusiasmos a este proxecto, no que en 1972 publicaron o *Inventario de la Riqueza Monumental y Artística de Galicia* de Ángel del Castillo. Un balance interno do 31.12.1956, que consultei no Arquivo do IEGPS, contando cos subscriptores e vendas en librerías cubría con solvencia os gastos de edición.

²⁷ Citarei só algúns como Alfredo García Alén (1977), Antonio de la Peña Santos (1981), José Carlos Valle (1982), María Luísa Caturla (1982), Ramón Izquierdo Perrín (1983), Luciano García Alén (1983), José M^o García Iglesias (1984 e 1986), J.C. Fernández Otero, M. González García e J. González Paz (1984), M. Victoria Carballo-Calero Ramos (1984), J. Ramón Soraluze Blond (1985), Antonio Fraguas (1985), Luís Cervera (1985), José Luis Basanta (1986).

²⁸ Resulta curioso como a Editorial Galaxia nace dous anos despois no mesmo sitio, no mesmo día e tamén estrea o seu catálogo cunha obra de Ramón Cabanillas (*Antifona da cantiga*)

Catálogo da Editorial Bibliófilos Gallegos en 1956 (a maior parte de 1953)
COLECCIÓN OBRADOIRO
<i>El Pórtico de la Gloria</i> , por Angel del Castillo. Houbo 3 edicións (en español, en francés, en inglés).
<i>Museo de Pontevedra</i> , por F. J. Sánchez Cantón.
<i>Ribadavia</i> , por M. Chamoso Lamas.
<i>Sargadelos</i> , por J. Filgueira Valverde.
<i>Monforte de Lemos</i> , por J. M. Pita Andrade.
<i>F. A. Sotomayor</i> , por F. J. Sánchez Cantón.
<i>La catedral de Lugo</i> , por F. Vázquez Saco.
Monasterios del Císter en Galicia, por Jesús Carro García
(En preparación).- <i>La Coruña antiga</i> , por Angel del Castillo.
BIBLIOTECA GALICIA
<i>Camiños no tempo</i> , por Ramón Cabanillas.
<i>Monografías de Santiago y varios dispersos de. A. Neira de Mosquera</i> . (Reproducción de la edición de 1850) .-Estudio preliminar de B. Varela Jácome.
<i>A xente da Barreira</i> , novela de Ricardo Carballo Calero.
Macías el Enamorado y Juan Rodríguez del Padrón, Estudio y Antología, por Carlos Martínez Barbeito.
<i>Cancioeiro de poesía céltiga</i> , por Julius Pokorny. Traducción al gallego de C. F. de la Vega y Ramón Piñeiro.
<i>El Cazador Gallego con escopeta y perro</i> , por D. Froylán Troche y Zúñiga. Estudio preliminar de José M. Álvarez Blázquez.
<i>Novelas gallegas</i> de López Ferreiro. (En prensa).
<i>Edificio espiritual</i> . Monxiña do Penedo. S. XVIII (En preparación).
Versos de alleas terras e de tempos idos. Paráfrasis galegas. Ramón Cabanillas. Portal de F.J. Sánchez Cantón (1955).
COLECCIÓN (DE BIBLIÓFILOS)
<i>La descripción del Reyno de Galicia, del Lcdo. Molina (1550)</i> . Facsímil de la edición gótica con estudio preliminar de José Filgueira Valverde.
Relación de las Exequias... de la Reyna D ^a Margarita de Austria..., descritas por Juan Gómez Tonel, impresas en Santiago en 1612. Facsímil con introducción de Antonio Rey Soto.
ENCICLOPEDIA GALLEGA
Tomo I.- <i>Diccionario bio-bibliográfico de autores</i> por A. Couceiro Freijomil, en tres vols. Vol. I.-(A-E). Vol. II.-(F-O), Vol. III.-(P-Z).
Tomo II <i>Catálogo de monumentos de Galicia</i> , por Angel del Castillo. (En prensa). [Sairía en 1972 co título <i>Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia</i> (páxs. XLVI + 175 e lám 188)].
Tomo III <i>Diccionario Gallego</i> , por A. Iglesia Alvariano. (En preparación).

Alcalde e Procurador en Cortes

Un alcalde independente no franquismo

A política é xestionar alternativas para o ben común e, por falarmos de alternativas, é imposible que un político acade unha valoración positiva unánime. E, se isto é así en plena democracia, intentalo nunha ditadura abarata moito esa valoración negativa.

¿Foi un erro empezar a ser alcalde de Pontevedra o 27.10.1959? Pode ser. E Filgueira iniciou así unha vez a resposta a esta pregunta, pero merece algunha análise, porque el non precisaba para nada ser alcalde: era Director dun Instituto modélico e con proxección exterior, era Director dun Museo en progresión constante, era autor de libros de texto, era científico comprometido na investigación histórica e artística de Galicia no Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento e na Real Academia Galega. Era un editor comprometido radicalmente coa cultura galega. Era conferenciante solicitado para moitos Congresos.

¿Foi un erro ser alcalde en 1959? En lei dereita a esta pregunta só se pode responder se nos situamos nese 1959 e observamos que, contra o que hoxe nos poida parecer, nada anunciaba a inminente chegada da democracia senón, pola contra, a consolidación de Franco coa inminente visita de Eisenhower dous meses despois (22.12.1959). Parecía haber franquismo para moito tempo e había cousas que non podían esperar sen intervención. Ese é para min o estado da

cuestión. ¿Que facer? Outros pensaron noutras alternativas. Filgueira pensou se sería posible dentro do franquismo unha xestión municipal non franquista (hoxe diríamos “independente”). Pero esta pregunta non tiña resposta certa, a non ser que alguén se arriscase a intentalo. Filgueira, profesor e director do Instituto e do Museo, editor e investigador da cultura de Galicia, mesmo podía facer versos na intimidade maldicindo a ditadura pero decidiu arriscarse e intentalo.

De entrada hai algo significativo nas fotos dos xornais daqueles anos e nas reportaxes do NODO: Filgueira é un alcalde de camisa sempre branca, mesmo se preto del hai algunha camisa azul da Falanxe; e, cando era preceptivo alza-la man no saúdo fascista, o alcalde Filgueira ten as súas mans abaixo e mesmo atrás. Son xestos moi visibles que daquela non eran cómodos, que non pasaban desapercibidos, que ó poder non lle agradaban: eran unha manifestación explícita de independencia.

¿Podemos ver algún outro indicio de independencia? Coido que si. En 1967 vai vir **Franco** a Pontevedra e o preceptivo bando municipal, convocando os veciños, é tan explicitamente ambiguo que sería difícil, mesmo para un experto, saber se o Alcalde ten algún entusiasmo ante a noticia que comunica ou se se dirixe a alguén máis cós que irían recibir a Franco con convocatoria municipal ou sen ela.

Pontevedreses:

El Alcalde y la Corporación Municipal os anuncian que S.E. el Jefe del Estado va a honrar a Pontevedra con su visita, el próximo miércoles a las once de la mañana.

Los que le habeis obedecido en la guerra, los que le servís en la paz, los que con vuestro voto le expresasteis reiteradamente una fervorosa adhesión, esperabais con ansia esta alegre noticia. Por eso no necesitais que vaya acompañada de llamamientos, de ruegos ni de instrucciones.

Sabeis que el Caudillo llega y ante su presencia vamos a dejar que hable el corazón.

A ambigüidade desfaiase cando un repara en que non se lle di á xente explicitamente que ten que asistir e o texto carece dos obrigados *¡vivas!* e carece tamén da iconografía habitual e obrigada.

Un urbanismo alternativo ó “urbanismo desarrollista”

Pero volvamos ó principio. 1959 era a época do chamado “urbanismo desarrollista”, que en media España levou por diante partes importantes do pasado urbanístico. O poder económico e mesmo a xente demandaban *tirar co vello*: Filgueira contoume unha experiencia vivida en Combarro, cando foi alí tratando de que aquela simbiose agrícola e mariñeira de palleiras á beira do mar fose declarada o que hoxe chamamos Conxunto Histórico, Artístico e Pintoresco e algúns veciños corrérono berrando *¡Queremos ser modernos!*

Non era moito máis sensible a xente da Boa Vila: Pontevedra, a cidade con máis escudos de Galicia, xa perdera as súas murallas, as Torres Arcebispais, varios pazos urbanos e boa parte do barrio mariñeiro da Moureira, do que saíron en tempos grandes navegantes da descuberta de América e a nosa máis soada rolda de pescadores. Tamén en Pontevedra había ansias de borralo pasado. Filgueira empeñouse, polo menos, en conserva-lo que quedaba e algunha vez ten contado que, como alcalde, chegou a facer inesperados percorridos nocturnos no coche oficial, porque algunha xente derribaba as casas vellas pola noite. Afortunadamente aquilo segue en pé e hoxe Pontevedra é unha cidade con moito carácter. É posible que sen Filgueira de alcalde non existise esta Pontevedra con carácter que podemos gozar e mellorar.

Filgueira puxo empeño tamén en conservar, onda os actuais, a memoria dos antigos nomes das rúas e prazas. Aínda que a alguén non llo pareza, esas cousiñas son importantes, porque sen

memoria unha cidade é un simple xuntoiro de casas, do mesmo xeito que un aparcadoiro é un simple xuntoiro de coches.

Pero unha cidade precisa medrar. A corporación de Filgueira sacou as vías do tren do medio das casas, facendo unha nova estación e convertendo a zona da vella estación nunha zona aberta e solloso con amplos xardíns; adquiriu os terreos e remodelou Pasarón en 1963, cando o Pontevedra subiu a Primeira; e desecou 50 ha da Xunqueira -un vello proxecto da intelixencia pontevedresa- conseguindo duplica-lo solo urbano público, no que se foron asentando só edificios públicos: o pavillón polideportivo e, tempo andando, colexios públicos, facultades universitarias, pazo de exposicións e de congresos; e tamén a feira e zonas deportivas. Hai outras melloras no abastecemento de auga, na zona periférica e na rural. Xestións de moi diversa natureza conseguiron poñer tamén Pontevedra no Camiño de Santiago e promove-la reactivación do Camiño Portugués.

O fracaso da industria soñada

A cruz do alcalde Filgueira, para a miña idea, non foi a significación política da súa alcaldía senón o desencanto da **industria**: TAFISA e ENCE parecían realiza-lo vello soño de converter-la riqueza forestal de Galicia en taboleiro e en papel: un soño soñado por varias xeracións, porque a fábrica de papel xa se reclamaba en 1836, cando se constituíu a provincia de Pontevedra; era un proxecto firme da Deputación en 1927 en tempos de Daniel de la Sota e do enxeñeiro Ignacio Echeverría e xa se iniciara a repoboación forestal. Nisto cómpre ser serios. O propio Castelao, cando no *Sempre en Galiza* describe a Galicia soñada por el e por Bóveda, expresa o desexo de grandes fábricas de pasta de papel en Galicia, como di na páxina 134:

*Vexo os montes repovoados e cobertos de piñeiras. Vexo grandes fábricas de pasta de papel e de productos derivados do leite. [...]
Así soñábamos Bóveda e mais eu nos días de esperanza [...].*

E na descrición dos tres piares da futura riqueza de Galicia (*o albre, a vaca e o peixe*), entre os 13 valores que Castelao lle atribúe á árbore, inclúe estes na páx. 135:

*O albre danos as traves, o sobrado, as portas da casa. Danos a cama, o almario das sabáns e a artesa do pan. Danos o berce, o báculo da vellez e a caixa para baixar á terra.
O albre danos o papel barato que nos trae a decotío as novas do que pasa no mundo.
Val máis unha Terra con albres nos montes que un Estado con ouro nos Bancos.
[...]
A repovoación forestal será o patrimonio da nación galega e o mellor aforro da coleitividade.*

Estes soños de Castelao e Bóveda tamén os soñaron moitos outros pontevedreses. TAFISA e CELULOSAS respondían a ese soño.

As dúas empresas estaban xa creadas cando Filgueira chega á alcaldía en 1959. Pero había unha diferenza entre elas: de TAFISA xa saían dende 1958 os primeiros taboleiros, que cambiarían a maneira de facermos trabes, sobrados, portas, camas, armarios, artesas, berces e mesmo as caixas para baixar á terra. CELULOSAS, en cambio, ía con atraso²⁹: o Estado encomendáralle ó INI no 15.11.1956 crear en Lourizán unha fábrica de pasta de papel (pero non de papel) e deulle a autorización para ocupa-la ría e inicia-las obras o día 13.6.1958. Filgueira, alcalde dende o

²⁹ RICO BOQUETE, Eduardo (1997): *La creación de Celulosas de Pontevedra y su influencia en el sector forestal de la provincia*. Madrid: Fundación Empresa Pública. [<ftp://ftp.funep.es/phe/hdt9707.pdf>] [28.12.2014].

27.10.1959, non ten, polo tanto, o mérito de traer a Pontevedra TAFISA nin CELULOSAS pero tocoulle inaugurar Celulosas en 1963.

O que lle tocou a Filgueira foi empezar a ver e comprobar que a regalía palpable dos novos postos de traballo e dos novos produtos, creados pola industrialización de Pontevedra, tiña a pexa de efectos colaterais nocivos nos que aparentemente ninguén pensara abondo pero que xa estaban á vista. Filgueira fixo o que puido por remedialos pero, comprobada reiteradamente a pasividade de instancias superiores, dimite como alcalde o 10.6.1968 ou, como se dicía daquela, “cesa a petición propia”. A desexada industria, soñada por Castelao e Bóveda, acabou sendo a súa segunda frustración. A primeira fora a inesperada gadaña da guerra civil.

A mellor música para os poetas galegos

Non debe quedar na sombra unha actividade na que o alcalde Filgueira puxo moito empeño. O chamado **Festival de la Canción Gallega** foi unha idea que el importara en 1960 de Ourense (ideada alí por Antonio Fernández-Cid) e que se realizou en Pontevedra durante sete anos, antes do San Benitiño do verán. Consistía en que grandes compositores da época, como Argenta, Guridi, Esplá, Halffter, García Abril, Castillo, Arámbarri, Mompou, Montsalvatge, Leoz, Toldrá, J. Rodrigo, Maiztegui, Iglesias Vilarelle, Rodrigo A. de Santiago e así ata 63, puxeran música a poemas de Rosalía, Curros, Risco, Blanco-Amor, Noriega, Cabanillas, Eladio Rodríguez, Leiras, Celso Emilio e outros. Tras unha conferencia sobre o texto, interpretaban solista e piano, intervindo, por veces, o Coro do Instituto. Creáronse así case 70 novas cancións galegas de concerto³⁰. Habería que analizar por que, cando pensamos en música con texto de poetas galegos do séc. XX, ninguén lembra este repertorio culto e só se pensa nas *Voces ceibes* do 68 compostelán: ninguén parece ter xa noticia do patrimonio creado, estreado en Pontevedra e parcialmente gravado en discos baixo o impulso do alcalde Filgueira. A Xunta de Galicia debería recuperar e difundir ese tesouro para que renaza e venzámo-lo noso gran mal da desmemoria.

Os erros son do alcalde; os acertos, da Corporación

Hai un dato relevante para interpreta-lo Filgueira político. Sempre que falou da súa xestión municipal, puxo moita atención en despersonalizar e insistía en que os posibles acertos nunca eran só do alcalde: eran de toda a Corporación que presidía. Pola contra, aceptou as críticas recibidas e gardounas no seu arquivo persoal para perpetua memoria. Hoxe podémolas ler e niso vese o historiador honesto.

En definitiva, da súa alcaldía en tempos escuros é posible facer unha lectura diferente da habitual. Engadirei que eu non lle dou máis valor social a quen simplemente redacta versos na intimidade da súa casa.

Nunha entrevista que concedeu a Luca de Tena, á pregunta de se foi un erro ser alcalde, respondeu:

Algúns erros valeron para algo. Podo entender que foi un grande erro ter sido alcalde pero podo recoñecer que tivo a vantaxe de poder defender a zona monumental, facer o campo de deportes, o pavillón...³¹.

30 FERNÁNDEZ CID, Antonio (1966): “Canciones de concierto con textos gallegos en los Festivales de Pontevedra”, *Blanco y Negro* 30.7.1966; 99.

31 A entrevista publicouse n’A *Nosa Terra* o 8.11.1990 [<https://biosbardia.wordpress.com/2014/07/21/xose-filgueira-valverde-definir-como-marxista-o-galeguismo-custoulle-a-vida-a-alexandre-boveda/>] [1.3.2013].

Procurador en Cortes: primeiro, automático; despois, elixido

A súa peripecia como **Procurador en Cortes** (o Parlamento da época) de 1959-1967 require un matiz: estivo en tres lexislaturas como representante automático dun concello capital de provincia dende o 26.11.1959: entra, polo tanto, cando o nomean alcalde e cando a lexislatura (daquela de tres anos) xa levaba un ano de percorrido³². Pero en 1967 presentouse ás eleccións polo terzo familiar para a lexislatura IX (1967-1971) e safu elixido por 107.766 votos (62 % dos votantes e 29% do censo).

Concepto	Alta	Baixa
Administración Local	26.11.1959	18.4.1961
Administración Local	31.5.1961	6.6.1964
Administración Local	3.7.1964	15.11.1967
Representantes da Familia	6.11.1967	12.11.1971

Fonte: Congreso de los Diputados. Histórico de Diputados (1810-1977)

¿Qué actividade tivo alí? Ata 1970 non se publicaban os debates que tiñan lugar nas comisións e, polo tanto, non hai diarios de sesións das Comisións pero dixitalizáronse as chamadas "cuartillas taquigráficas" que conteñen os debates. Das tales "cuartillas taquigráficas" dedúcese que Filgueira foi un procurador moi activo, porque interveu en 24 proxectos de Lei: as súas intervencións foron intensas e, de momento, non dei conseguido máis cás referencias das Leis nas que interveu durante a VI, VII, VIII e IX Lexislaturas.

VI Lexislatura 1958-1961	<p>Comisión de Hacienda³³:</p> <p>Proyecto de Ley para dar liquidez al ayuntamiento de Zaragoza. Proyecto de Ley de Construcción de la Ciudad Universitaria de Aragón. Proyecto de Ley para pagar haberes a funcionarios de la Misión Cultural Española en Marruecos. Proyecto de Ley de Entidades Oficiales de crédito a medio y largo plazo.</p> <p>Comisión de Justicia³⁴:</p> <p>Proyecto de Ley de Compilación del Derecho Civil Foral de Vizcaya y Álava. Proyecto de Ley de Derecho Civil de Cataluña. Proyecto de Ley de Derecho Civil de Baleares. Proyecto de Ley de Propiedad Horizontal. Proyecto de Modificación de la Ley 8.7.1957.</p>
VII Lexislatura 1961-1964	<p>Comisión de Educación Nacional:</p> <p>Proyecto de Ley de Ordenación de la Enseñanza Media. Proyecto de Ley de Reordenación de las Enseñanzas Técnicas.</p> <p>Comisión de Hacienda:</p> <p>Proyecto de Ley de Reforma de las Haciendas Municipales.</p> <p>Comisión de Información y Turismo:</p> <p>Proyecto de Ley sobre Zonas y Centros de Interés Turístico Nacional.</p>
VIII Lexislatura 1964-1967	<p>Comisión de Educación Nacional:</p> <p>Proyecto de Ley sobre Estructura de las Facultades Universitarias y su profesorado. Proyecto de Ley de Reforma de la Enseñanza Primaria.</p> <p>Comisión de Educación y Ciencia:</p> <p>Proyecto de Ley de Creación de Facultades de Ciencias Políticas económicas y comerciales en las Universidades de Santiago de Compostela y Valencia (formó parte de la Ponencia). Proyecto de Ley de Unificación del Primer Ciclo de Enseñanza Media.</p>

³² No *Boletín Oficial de las Cortes* de 26.11.1959 (p. 13531) dise que "Han quedado incluidos en la lista de Procuradores en Cortes don Emilio Macho Alonso y don José Filgueira Valverde por haber sido designados Alcaldes de los Ayuntamientos de Ávila y Pontevedra respectivamente".

³³ Intervén o días 9.12.1958 (4, 5, 25) // 10.12.1958 (39).

³⁴ Intervén os días 4.7.1959 (41, 68, 69, 74, 78, 80, 85, 87); 4.7.1960 (53, 54, 139, 152, 156, 157, 161, 162, 169); 15.3.1961 (35, 36, 39, 54, 63, 70, 78, 108, 124).

	<p>Comisión Especial para el Estudio del cambio de denominación del Ministerio de Educación Nacional por el Ministerio de Educación y Ciencia (fue secretario de esta Comisión).</p> <p>Comisión Especial para el Estudio del proyecto de Ley de Derechos de Propiedad Intelectual en las Obras Cinematográficas.</p>
IX Lexislatura 1967-1971	<p>Comisión de Educación y Ciencia: Proyecto de Ley de Creación de Facultades de Medicina en las Universidades de La Laguna, Murcia y Oviedo. Proyecto de Ley General de Educación y de Financiamiento de la Reforma Educativa.</p> <p>Comisión de Gobernación: Proyecto de Ley de Modificación de los preceptos de la Ley de Régimen Local relativos a la elección de concejales por el tercio familiar en el sentido de que se incluya entre los electores y los elegibles a la mujer casada. Proyecto de Ley sobre el sistema de ascenso a la Escala de Mando del Cuerpo General de Policía. Proyecto de Ley de modificación de determinados artículos de la Ley de Orden Público, de 30 de julio de 1959.</p> <p>Comisión de Hacienda: Proyecto de Ley estableciendo el régimen de incompatibilidad de los Presidentes, Consejeros y altos cargos de la Banca privada y el cese por edad de esos últimos.</p> <p>Comisión de Leyes Fundamentales y Presidencia de Gobierno: II Plan de Desarrollo Económico y Social.</p>

Con estes datos temos un perfil do procurador Filgueira³⁵. Participou en 24 Proxectos de Lei e noutras Comisións Especiais. Na primeira e parcial lexislatura estivo máis disperso; pero nas seguintes concentrouse nas cuestións que lle interesaban máis directamente: as dos recursos municipais; o voto feminino (moi significativa é a intervención para conseguir na lexislatura 1967-1971 que as mulleres casadas puidesen ser electoras e tamén candidatas para o cargo de concelleiras) e as cuestións educativas. En 1962 suscita alí a necesidade da compilación do Dereito Civil Foral de Galicia (tras participar no mesmo asunto referido ó País Vasco, Cataluña e Baleares).

O procurador Filgueira ceiba a lingua galega en 1970

Decisiva foi a IX Lexislatura. Destaca a súa intervención nas cuestións educativas: interveu en 9 proxectos de Lei deste ámbito e formou parte da *ponencia* de creación da Facultade de Económicas de Santiago, entre outras. Participa moi intensamente na Lei de Educación de 1970, na que chegou a presentar emendas a 100 artigos e 4 disposicións adicionais. Filgueira, que xa dera en 1931 a conferencia “La lengua materna y el idioma nacional: aplicación de la lengua materna a la enseñanza” e que, 39 anos despois, seguía sendo profesor, sabía que ese era un momento transcendental na nosa historia: o 17 de abril de 1970 tivo unha intervención memorable a prol do ensino en galego, que acabou cunha frase en galego, que, se cadra, é a primeira que alí se pronunciou³⁶. Contundente, pola argumentación política usada, fora tamén a de Antonio Rosón. As dúas están xa no *Diario de Sesións* dos días 16 e 17. Estas intervencións sobranceiras, incorporadas á Lei de 1970, representan un cambio de mentalidade na visión da

³⁵ Agradezo as facilidades ofrecidas por D.^a Margarita Barquilla Jiménez, Arquiteira-Bibliotecaria das Cortes Xerais.

³⁶ Filgueira fornece detalles descoñecidos desa histórica sesión na mentada entrevista con Luca de Tena: *Pero en que circunstancias e con que votos logramos hai hoxe vinte e cinco anos que se consagrara o galego na escola? Cando hoxe se le non se cre. Na Lei de Educación, Antonio Rosón e mais eu defendemos o galego como lingua vehicular. Están publicados os discursos na revista Chan. Non se lembra? O meu estaba en galego e remataba coas palabras de Sarmiento “es bárbara crueldad...” Tiveramos que apurar a votación porque arriba na multicopista estaban a facer copias do discurso no que Miguel de Unamuno atacaba as linguas rexionais, para que a xente votase en contra. Pode ser un erro ter participado na Lei de Educación? Pode. Pero pode ser unha vantaxe ter logrado iso e outras cousas que había no mesmo texto, que supuxo un paso moi importante. Teña conta que daquela se lograra tamén que o Ministerio de Educación publicase un libro no que facía constar que o 84% da poboación galega falaba o galego... [Ibidem].*

realidade lingüística española e adiántanse oito anos á Constitución actual en pleno franquismo: de feito foi posible que en vida do ditador algúns entusiastas empezásemos a usa-lo galego nas aulas con apoio legal.

A noticia chega a Galicia e Ramón Piñeiro dille a Del Riego nunha carta do 11.5.1970:

Como queira que a aprobación dos artigos 14 e 17 da nova Ley de Enseñanza teñen unha transcendencia enorme na historia da nosa lingua, coido que non podemos silenciar o acontecemento. Precisamente o *Grial*, órgano máximo da cultura galega, debe rexistrar o feito. Pensei que unha maneira sinxela e sería de rexistrar sería ofrecer o documento histórico da nosa participación no feito. Nese caso, Rosón e Filgueira foron os portavoces dos dereitos da nosa lingua. Por iso procurei os textos do seus discursos. Coido que, cunha nota introductoria, sirven moi ben para o noso fin e, en certo xeito, correspondemos cos protagonistas. A introducción pódela modificar como che pareza, porque coido que non debe ir firmada senón que debe ser como un comentario da mesma revista e, xusto por iso, impersoal.

A nota, longa por certo, saíu no *Grial* 28, 1970, 237-242. Alí poden lerse as intervencións históricas de Antonio Rosón e de Filgueira Valverde.

É sintomático que *Grial* no número seguinte (29, 1970; 307-316) reedite *Os nenos* (que Filgueira publicara en 1925) e que este (que, como queda dito, tiña editorial propia) entregue para edición en 1971 a *Galaxia Quintana viva*, que, ademais d'*Os nenos*, contén *Artistas aldeáns*, *Obradoiro* e *Os nomeandeiros*, unhas prosas que teñen a tenrura de Castelao e a fantasía de Cunqueiro.

¿Tivo actividade cultural á marxe da política entre 1959 e 1970?

Para un alcalde ou deputado normal a participación activa na xestión política ou lexislativa non deixa tempo nin espazo para máis nada. Pero os días para Filgueira parece que tiñan 36 horas: tal era a súa organización mental que ningún ano deixou de dar conferencias por toda España (por veces tamén no estranxeiro) e de publicar artigos ou libros das súas diversas especialidades.

Repasando anos anteriores

Pero antes de nos situarmos no inicio da xestión política (1959) temos que repasar algúns datos de anos anteriores. En **1954**, ademais de conferencias en Universidades españolas e no estranxeiro, realizou as xestións para adquirir para o Museo o *Tesouro Bedoya* (un conxunto de xoias castrexas e de moedas romanas aparecido en Serantes, Ferrol) e publicou a análise con Blanco Freijeiro en *Cuadernos de Estudios Gallegos*. En **1955** publica con Álvaro D'Ors o tomo pontevedrés do *Corpus de Inscripciones Romanas de Galicia*, e con García Alén as "Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra". En **1956**, ademais de dar conferencias de tema medieval en diferentes cidades portuguesas, inaugura unha maneira galeguista de celebra-lo "Día de la Hispanidad" que manterá 40 anos: fai un retrato dun pontevedrés universal que difunde en folleto e aquilo é hoxe un magnífico libro póstumo titulado *Pontevedreses universales* (Pontevedra: Diputación; 2000). Nestes anos o Instituto introduce o Gabinete Psicotécnico, é campión de España de ximnasia e consolida a frutífera e pioneira innovación dos *alumnos colaboradores do Museo*. Cun grupo de alumnos viaxa por varios países de Europa. En **1958** publicará o seu gran *Camoens*, do que chegará a haber versión

portuguesa (Coimbra: Almedina 1981), porque Filgueira está considerado un dos grandes especialistas.

1959	Sendo xa alcalde, publica en Bibliófilos <i>El Tesoro de la Catedral Compostelana</i> e, con A. Gª Alén, no Museo o catálogo da exposición <i>Iconografía mariana</i> . Actúa como mantedor dos Xogos Florais de Compostela.
1960	1º <i>Festival de la Canción Gallega</i> . Publica sobre <i>Hernán Cortés. Su vida contada a los muchachos de las dos Españas</i> e o catálogo da exposición do pintor F.A. de Sotomayor.
1961	2º <i>Festival de la Canción Gallega</i> . Libro de texto <i>Lengua española. Segundo curso</i> .
1962	3º <i>Festival de la Canción Gallega</i> . Artigos sobre Rosalía, Sarmiento e “Temas españoles en las tablitas sienesas de la Biccherna”.
1963	4º <i>Festival de la Canción Gallega. Pontevedra y el mar. Textos para la antología de una tradición</i> . E con Blanco Freijeiro o informe “Excavaciones en La Lanzada”. Numerosas conferencias sobre Rosalía de Castro no ano do primeiro Día das Letras Galegas.
1964	5º <i>Festival de la Canción Gallega</i> . Libro <i>Pontevedra</i> . Colabora nunha antoloxía inglesa de Rosalía e dá varios cursos literarios en Pontevedra e Compostela. Viaxa a Arxentina.
1965	6º <i>Festival de la Canción Gallega</i> . Remátase o 3º edificio do Museo (Fernández López). Relatorios en dous congresos (un deles en Estella). Libriño <i>Azabachería</i> na Editorial Castrelos que acaban de crear (1964) en Vigo os irmáns Álvarez Blázquez.
1966	7º <i>Festival de la Canción Gallega</i> . Clausura congreso en Braga: "Las traslaciones de las reliquias de San Fructuoso" . Nos CEG "Las jarchas gallegas de Valle-Inclán”.
1967	Ingresa en varias Academias. Conferencia sobre o arcebispo Lago González.
1968	Varios congresos. Traduce ó galego <i>Vía Crucis</i> de Paul Claudel (<i>Grial</i>).
1969	Coloquio de cartografía en Madrid: “Toponimia regional bilingüe: Galicia”. Crea no IEGPS un "Comité Permanente para el Estudio del Gallego en la Enseñanza". En Castrelos <i>Cancioneiriño novo de Compostela</i> (Ed. Castrelos, Vigo). En <i>Grial</i> (27) o ' <i>Aucto de como Santa María foi levada aos ceos para a festa de Nosa Señora de Agosto. Refeito con textos galegos dos séculos da Edade Media</i> ” e no Museo " <i>La Pèlerine de Grace</i> ", que remonta ó XVI a vinculación de Pontevedra coa pregrinación.
1970	Libros: <i>Historias de Compostela. Guía breve del Museo de Pontevedra</i> . Edición de <i>Ármas y Triunfos de Galicia</i> , de Felipe de la Gándara. No Patr. 'José María Quadrado" diserta "El Padre Sarmiento, precursor de los estudios gallegos”.

Compostela e Pontevedra

Aínda que Filgueira viaxou a dar conferencias por toda España e a diversos países de Europa e América, estas dúas cidades levaron boa parte da súa atención.

Compostela foi a cidade na que desenvolveu a súa formación académica con profesores oficiais e voluntarios (os que el chamaba *mestes gratuítos*, coma o arquivista Pablo Pérez Costanti), na que se asociou con outros estudantes para iren vertebrando aquela ansia de traballo interdisciplinar pero coordinado por unha Galicia de seu; e na que trala guerra se volveu asociar para seguir na eterna tarefa. A Compostela, corazón histórico de Galicia, dedicoulle libros, artigos, exposicións e diversos traballos. Só nos *Adrais* hai 40 artigos

Libros verbo de Compostela		
1932	<i>Guía de Santiago de Compostela</i>	Madrid: Patronato Nacional de Turismo; 114 páxs.
1932	“Cancioneiriño de Compostela”	Nós. Boletín mensual da cultura galega. 103, 1932; 104, 1932; 151-155.
1948	<i>1ª exposición la imprenta Compostelana. Libros y folletos hasta 1868. Libros de la vieja Compostela</i>	Santiago: IPSEG.
1944	“La iconografía de Santiago y el grabado	<i>Cuadernos de Estudios Gallegos</i>

	compostelano”.	
1948	<i>El libro de Santiago</i> . Con ilustracións de J. Sesto	Madrid: Editora Nacional
1950	<i>Santiago de Compostela: guía de sus monumentos e itinerarios</i>	Santiago de Compostela: Porto y Cía; 188 páxs.
1954	<i>Compostela, la ciudad del Apóstol</i>	"Terres Hispaniques", Ediciones Mundo Hispánico
	"Cantos y narraciones en el Camino Francés"	<i>Santiago en la Historia, la Literatura y el Arte</i> . Madrid: Editora Nacional.
1969	<i>Cancioneiriño novo de Compostela</i>	Vigo: Castrelos
1970	<i>Historias de Compostela</i>	Santiago: Bibliófilos Gallegos; 244 páxs. ³⁷
1985	<i>Santiago de Compostela 1.000 Áns de Pèlerinage Européen</i>	Europalia

Artigos composteláns nos <i>Adrais</i>	
“A balea e o tonel”	<i>Adral 1</i> (1979) 23; 100-103.
“A herexía dun impresor compostelán e 'La Pèlerine de Grace”	<i>Octavo Adral</i> (1994) 24; 154-159.
“A miña universidade dos anos vinte”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 73; 286-290.
“A muller no camiño de Santiago”	<i>Octavo Adral</i> (1994) 20; 127-128.
“Afonso X contra Compostela”	<i>Segundo Adral</i> (1981) 89; 335-341.
“Ángeles de Compostela”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 62; 245-249.
“Antón Fraguas, Medalla de Ouro de Compostela”	<i>Sexto Adral</i> (1990) 69; 310-312.
“Aquelas festas do Ano Santo 1880”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 72; 281-285.
“Arte de festa en Compostela”	<i>Octavo Adral</i> (1994) 25; 160-162.
“Canteiros de Compostela”	<i>Terceiro Adral</i> (1984) 47; 319-322.
“Compostela e a Comunidade das Nacións”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 60; 237-242.
“Contra Jansenius, en Compostela”	<i>Adral 1</i> (1979) 85; 354-356.
“Da miña Universidade nos anos vinte”	<i>Terceiro Adral</i> (1984) 56; 356-362.
“Da pedra”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 39; 155-156.
“De Compostela en 'La Favorita' e dos Trastámaras...”	<i>Terceiro Adral</i> (1984) 14; 89-91.
“Diante á Santa Escolástica de Ferreiro”	<i>Adral 1</i> (1979) 69; 293-298.
“Do roubo da nosa cruz de Alfonso III”	<i>Adral 1</i> (1979) 61; 259-262.
“Do viño e os peregrinos de Compostela”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 66; 261-264.
“E de como as nubes, nais do trono avoas do Apóstolo, veñen visítalo”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 63; 250-254.
“María na peregrinaxe xacobeá”	<i>Sexto Adral</i> (1990) 16; 79-82.
“Milladoiro”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 64; 255-257.
“Na festa de San Marcos en Compostela”	<i>Sétimo Adral</i> (1992) 14; 131-133.
“Nosa Señora dos Bos Libros”	<i>Segundo Adral</i> (1981) 16; 67-70.
“O Dr. Caucci von Sauken e o Seminario de Cultura Galega de Perugia”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 75; 294-296.
“O Pórtico da Gloria e as súas interpretacións literarias”	<i>Sétimo Adral</i> (1992) 32; 241-261.
“O Teatro Principal”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 74; 291-293.
“O xogador dos seus ollos ...”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 65; 258-260.
“Os de Santiago, picheleiros”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 69; 272-274.
“Os indios de Almalucán representan a victoria de Santiago sobre o sultán Poncio Pilato”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 71; 278-280.
“Os xantares dos peregrinos”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 67; 265-267.
“Pelerinaxes reás do século XIII en dúas lembranzas”	<i>Adral 1</i> (1979) 38; 163-166.
“Pregón para unhas festas do Apóstolo”	<i>Terceiro Adral</i> (1984) 22; 136-142.
“San Marcos e o Monte do Gozo”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 70; 275-277.
“Sobre a orixe dunha dobre advocación”	<i>Octavo Adral</i> (1994) 23; 147-153.
“Temas poéticos no camiño portugués”	<i>Octavo Adral</i> (1994) 22; 132-146.
“Un xastre francés do XVIII fixo un dos relatos máis	<i>Quinto Adral</i> (1989) 68; 268-271.

³⁷ Aínda que recolle neste libro algúns traballos xa publicados, hai outros inéditos, entre os que destaca o de "Gelmírez constructor".

amenos”	
“Unha romeira de Santiago nas pastorelas de Guiraut Riquier”	<i>Octavo Adral</i> (1994) 21; 129-131.
“Unha volta polo feiral no século XII”	<i>Octavo Adral</i> (1994) 19; 125-126.
“Unha xoia do Renacemento italián en Compostela”	<i>Adral I</i> (1979) 63; 267-270.
“Xornada de gratitudes”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 61; 243-244.

A **Pontevedra**, que foi o escenario no que naceu e traballou máis de setenta anos, dedicoulle os mellores esforzos, consolidados nun casco histórico que, na medida do posible, salvou da picaraña destrutora; cun Museo excepcional que é corazón palpitante e visible da historia cultural de Galicia dende o paleolítico a hoxe e que, dende o inicio da súa dirección, caracterizouse por montar frecuentes exposicións monográficas. Numerosos libros e artigos dan fe dese querer que as pedras de Pontevedra falen; que as rúas, as prazas e as fontes nos conten a súa historia.

Pero, cando se analiza a bibliografía de Filgueira referida a Pontevedra, resulta sorprendente que unha boa parte da súa produción escrita está dispersa en prólogos a dúzias de libros alleos sobre Pontevedra. E eses prólogos de Filgueira non só enriquecen os libros con pertinentes noticias exclusivas senón tamén con valoracións suxestivas. Que tantos e tan heteroxéneos investigadores e artistas de Pontevedra do século XX buscasen un prólogo de Filgueira pon en evidencia que para eles Filgueira era a balanza capaz de calibra-lo que ese traballo significaba na historia cultural da cidade e da súa área de influencia. El era a autoridade cultural.

Libros verbo de Pontevedra	
1931	<i>Guía de Pontevedra</i> . Pontevedra: Imprenta Antúñez' (L.F.9)
1945	<i>Santa María la Mayor, iglesia de los mareantes</i> . Museo de Pontevedra. Catálogo da 7ª Exposición. Pontevedra: Graficas Torres.
1945	<i>Pabellón de los Museos. (Fondos del Museo de Pontevedra y del Museo Massó)</i> . Catálogo-guía. Pontevedra: Gráficas Torres. (L.í. 42).
1946	<i>Archivo de Mareantes</i> . Museo de Pontevedra. Pontevedra: Gráficas Torres. Reeditado en 1992 por "Caja de Madrid".
1946	<i>Santo Domingo y sus ruinas</i> . Museo de Pontevedra. Catálogo da 8ª exposición. Pontevedra: Gráficas Torres. (L.F. 46).
1947	<i>Pontevedra, Fortaleza arzobispal</i> . Museo de Pontevedra. Catálogo da 9ª exposición. Pontevedra: Gráficas Torres. (L.F. 48).
1955	<i>Inscripciones romanas de Galicia. Pontevedra</i> . Con Álvaro D'Ors. Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos. Museo de Pontevedra.
1956	<i>Materiales para la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra</i> . En colaboración con Alfredo García Alén. Museo de Pontevedra.
1963	<i>Pontevedra y el mar. Textos para la antología de una tradición</i> . Pontevedra: Museo de Pontevedra.
1967	<i>Pontevedra. La Tierra y sus Gentes</i> . Fotografías de Gabriel y Novoa. Dibujos de Conde Corbal. Epílogo de Gerardo Gonzalez Martín, Pontevedra: Imprenta Peón.
1970	<i>Guía breve del Museo de Pontevedra</i> . Pontevedra. Gráficas Portela. Reeditada en 1977, 1980 e 1984.
1987	<i>El Museo de Pontevedra</i> . Colección "Ibérica". León: Editorial Everest.
1991	<i>O Arquivo do Museo de Pontevedra, e unha guía sucinta</i> . Vigo: Museo de Pontevedra e Consello da Cultura Galega.
1991	<i>La Basílica de Santa María de Pontevedra. Catalogación Arqueolóxica e Artística de Galicia</i> . Vigo: Fundación Pedro Barrié de la Maza e Museo de Pontevedra
1993	<i>Pontevedra no Camiño das Peregrinacións</i> . Xunta de Galicia.
1996	<i>Pontevedreses Universales. Recopilación de los XL folletos publicados en el Día de la Hispanidad (1956-1995)</i> . Pontevedra : Diputación Provincial de Pontevedra. 3 vols.

A cantidade de artigos publicados verbo de Pontevedra é difícil de cuantificar, mesmo deixando de lado os prólogos a libros alleos. Só os recollidos nos *Adrais* son 38.

Artigos pontevedreses nos <i>Adrais</i>	
“As de Mendoza’	<i>Noveno Adral</i> (1996) 29; 217-223
“A ‘bonne ville’”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 49; 194-196.
“A fachada de Santa María de Pontevedra e a obra de Arfe”	<i>Segundo Adral</i> (1981) 73; 280-282.
“A Ferrería de Pontevedra”	<i>Adral I</i> (1979) 60; 252-255.
“A festa da Peregrina”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 32; 122-126.
“A monxa-frade”	<i>Terceiro Adral</i> (1984) 40; 262-266.
“A obra de Castelao no Museo de Pontevedra.”	<i>Cuarto Adral</i> (1987) 12; 135-141.
“A ‘Sociedad Arqueológica’ de Pontevedra na catalogación da Gliptografía galega”	<i>Sexto Adral</i> (1990) 40; 207-210.
“A Virxe do Ovo”	<i>Sexto Adral</i> (1990) 14; 71-75.
“Agustín Portela e a Pontevedra antiga”	<i>Segundo Adral</i> (1981) 84; 313-317.
“As saudades pontevedresas de Sarmiento”	<i>Octavo Adral</i> (1994) 27; 169-170.
“As touradas do mar”	<i>Adral I</i> (1979) 36; 152-156.
“Cando chega a luz eléctrica”	<i>Terceiro Adral</i> (1984) 44; 293-297.
“Castelao escenógrafo. Os decorados da Polifónica de Pontevedra”	<i>Cuarto Adral</i> (1987) 8; 77-100.
“Castelao na fundación do Museo de Pontevedra”	<i>Cuarto Adral</i> (1987) 11; 120-134.
“Die Rose Von Pontevedra’, unha ópera vienesa”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 81; 320-323.
“Do *Alejadinho e as afinidades galaico-brasileiras”	<i>Adral I</i> (1979) 67; 283-288.
“Do nacemento da Provincia de Pontevedra”	<i>Sexto Adral</i> (1990) 35; 185-189.
“Duas eigrexas barrocas”	<i>Segundo Adral</i> (1981) 75; 286-288.
“Dúas representacións da Trindade na Basílica de Santa María”	<i>Octavo Adral</i> (1994) 33; 192-194.
“Froissart e a ‘Bonne Ville’”	<i>Terceiro Adral</i> (1984) 33; 224-228.
“Heráldica Pontevedresa”	<i>Sexto Adral</i> (1990) 30; 157-165.
“Museos e educación: alumnos colaboradores; experiencia de Pontevedra”	<i>Sétimo Adral</i> (1992) 39; 278-288.
“No centenario do Convento pontevedrés de Santo Domingo”	<i>Terceiro Adral</i> (1984) 39; 258-261.
“O argadelo de Reises”	<i>Adral I</i> (1979) 27; 116-119.
“O arrabal da Moureira no ‘Carmen Patrium’ de Amoedo (1787)”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 52; 208-210.
“O San Sebastián en Pontevedra”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 26; 99-102.
“O Urco”	<i>Adral I</i> (1979) 30; 127-129.
“Os ‘Choqueiros’. Do Antroido ó Corpus”	<i>Sexto Adral</i> (1990) 19; 92-95.
“Os mestres da igrexa de Santa María. Entre o Gótico final e o Plateresco”	<i>Octavo Adral</i> (1994) 32; 187-191.
“Os santos de Mollabao”	<i>Adral I</i> (1979) 66; 280-282.
“Ourense e Pontevedra: Feixóo e Sarmiento”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 54; 215-216.
“Rúa das Emparedadas”	<i>Segundo Adral</i> (1981) 90; 342-345.
“Santiaguíño do Burgo”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 50; 197-202.
“Un Museo Heráldico”	<i>Segundo Adral</i> (1981) 80; 302-304.
“Un poeta de Ourense en Pontevedra, García Mosquera”	<i>Quinto Adral</i> (1989) 11; 45-48.
“Unha ‘Cousa’ de Castelao sobre a Fonte da Ferrería”	<i>Cuarto Adral</i> (1987) 13; 142-147.
“Xoan Manuel Pintos e a Fonte da Ferrería”	<i>Octavo Adral</i> (1994) 4; 21-23.

Pontevedra, cidade universitaria

Este é un aspecto un pouco esquecido pero que é de xustiza comentar. Nos tempos nos que Filgueira foi Procurador nas Cortes estivo moi atento, como dixeran, ás cuestións educativas e á creación de Facultades. Nesa época falouse alí reiteradamente dun concepto novo de Universidade: unha Universidade a Distancia (UNED). Ben, pois hoxe, no 2015, esa UNED é a maior Universidade de España porque conta con 200.000 alumnos. Aquel proxecto foi dando voltas nas Cortes e non chegou a ve-la luz ata dous anos despois de deixar Filgueira de ser Procurador nas Cortes: o Decreto-Ley que crea a UNED é do 18.8.1972. Pero un dos primeiros Centros asociados da UNED foi en 1973 o de Pontevedra. E alí estivo Filgueira. Dende 1973 Pontevedra é, polo tanto, a segunda cidade universitaria de Galicia e hoxe (2015) este Centro

ten 4.000 alumnos e, por parte, é cabezaleiro doutros sete centros asociados (Galicia, Asturias e León) con 20.000 alumnos en total. Foi unha das alegrías daquel procurador pontevedrés.

Sobre un ovo pon a galiña. Posteriormente, trala creación da Universidade de Vigo, establecéronse en Pontevedra tres novas Facultades³⁸ e dúas Escolas Universitarias.

O truco do *Día de la Hispanidad*

O *Día de la Hispanidad* era, en tempos de Franco, unha celebración obrigada. O alcalde independente Filgueira deulle a súa voltiña. De entrada entendeu Pontevedra non só como o núcleo urbano da Boa Vila senón tamén como toda a provincia. Iso dá-lle un repertorio abondoso de personaxes históricos pontevedreses cos que enche-lo *Día de la Hispanidad*. A fórmula incluía sempre un discurso del falando dun personaxe pontevedrés de impacto histórico exterior. Lembremos que Filgueira insistía en que a memoria do *nós* forma a columna vertebral dun pobo. E, coma quen non quere a cousa, Filgueira, escollendo só personaxes pontevedreses en sentido provincial, convertía aquela celebración oficial nun *Día da Galegidade*, non pola razón da lingua (que seguramente falaban tódolos que el escolleu) senón polo que ten de recupera-la nosa memoria histórica global. Durou a cousa máis alá da propia alcaldía de Filgueira e aqueles retratos dos que el chamou *Pontevedreses universais*, 40 en total, están hoxe recollidas nunha edición en tres volumes da Deputación de Pontevedra³⁹. Velaí a memoria do *nós*.

Filgueira sabía disimular ante o Poder e sabía tamén ser independente. Por iso, como prognosticou Bóveda despois de se separaren en 1935, nunca deixou de ser *un obreiro da Causa galega*.

Conselleiro e o Consello da Cultura Galega

No tramo final da súa vida Filgueira tivo a oportunidade de formar parte algún tempo do Goberno da Xunta de Galicia. Foi cando toda a súa Consellería de Cultura tiña que caber nun piso de Santiago. Alí fun un día e a cociña facía de sala de espera e a multicopista estaba sobre a bañeira do cuarto de baño. Nomeárono o 22.1.1982 e inesperadamente destituíuno Albor o 16.9.1983. Mesmo así, Filgueira aproveitou ese ano e medio para poñer orde na Rede de Bibliotecas, e volver á cuestión da lingua, participando activamente, á maneira dos seus 75 anos, na elaboración e aprobación da Lei de normalización lingüística (Lei 3/1983) e aínda lembro o seu público lamento, sen eufemismos, cando se produciu despois a chapoda do Tribunal Constitucional.

Pero sobre todo foi el quen dirixiu o deseño da base legal do Consello da Cultura Galega e mailos traballos e conversas para a aprobación da correspondente Lei no Parlamento (Lei 8/1983).

Creado o Consello, vota que sexa Ramón Piñeiro o primeiro presidente. E xa queda dito que, cando morto Ramón Piñeiro, el sae elixido presidente, Filgueira transforma o Consello no Organismo potente e independente que hoxe coñecemos.

Despersonalicemos como é debido: estas *cousas* nunca son obra dun taumaturgo. Filgueira foi sempre, dende a súa mocidade á vellez, dende o Seminario ó Consello, home de equipo. Pero

38 Facultades de Belas Artes, Ciencias Sociais e da Comunicación e Ciencias da Educación e Deporte, e dúas Escolas Universitarias (Enfermería, Fisioterapia e Enxeñería Forestal). Pero tamén ofrece a Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas e mailas Diplomaturas en Maxisterio, así como en Xestión e Administración Pública.

39 FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (2000): *Pontevedreses universais: recopilación de los XL folletos publicados en el Día de la Hispanidad*. Pontevedra: Deputación Provincial. 3 vols.

algo de taumaturxia hai en saberse rodear de bos colaboradores, en saber escoitar e suxerir, en saberse poñer á cabeza nun propósito difícil. Filgueira morreu en 1996 pero a obra está aí.

FILGUEIRA PARTICIPA NA FUNDACIÓN DESTAS ENTIDADES CULTURAIAS		
Santiago	1923	Seminario de Estudos Galegos
Pontevedra	1927	Museo de Pontevedra
Santiago	1947	Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento
Santiago	1948	Editorial de los Bibliófilos Gallegos
Santiago	1971	Instituto da Lingua Galega
Pontevedra	1973	UNED. Centro Rexional Asociado
Santiago	1976	Museo do Pobo Galego
Santiago	1983	Fundación Alfredo Brañas
Santiago	1983	Consello da Cultura Galega
Santiago	1984	Fundación Castelao
Pontevedra	1990	Fundación Alexandre Bóveda

Conclusión

Filgueira foi esencialmente traballo, ciencia e humanismo práctico. Foi dos que puxeron en práctica a idea de Cuevillas de que *calquer traballo, grande ou pequeno, duro ou levián, que emprendades en nome de Galicia, é sempre sementeira*. Soubo atravesar unha ditadura, axeitándose o imprescindible ó sistema, pero sen ceder nunca do seu obxectivo de aumenta-la nosa *ciencia e conciencia de Galicia*, porque a ciencia e a conciencia de si é a columna vertebral de calquera pobo.

A súa prosa literaria (entre a tenrura e a fantasía); a peza teatral *Agromar* (humanística, innovadora e incitadora do debate social e cultural); esa estratexia de resistencia que foi *O Gaitero de Lugo*; o profético poemario na noite de 1941 convocando a esa resistencia cultural; os estudos de lírica medieval; os 616 artigos (3.034 páxinas que lle editou o seu amigo Díaz Pardo) nos nove tomos dos *Adrais*, nos que fai falar as pedras, os lugares, os ritos, os devanceiros, convérteno nun dos maiores escritores e historiadores de Galicia.

Pero Filgueira foi tamén home de acción, artellando o Seminario de Estudos Galegos, o Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento, a Editorial de los Bibliófilos Gallegos; foi alcalde para facer medrar Pontevedra salvando a súa zona histórica; foi procurador en Cortes para impulsa-la mellora estrutural das cousas e conseguir nas Cortes Españolas, en pleno 1970, a presenza legal do galego no ensino. Se a isto sumámo-la obra inmensa no Museo de Pontevedra e o pulo que lle deu ó Consello da Cultura Galega, faise realidade a profecía de Bóveda de que *alí onde esteña Filgueira habrá sempre un obreiro da Causa galega*.

Filgueira deu á cultura galega unha obra multidisciplinar⁴⁰ e executiva: non era só un intelectual sabio, era tamén un home práctico e vertebrador. Só así podiamos ter hoxe case todo Castelao a salvo no Museo de Pontevedra, verdadeira catedral da cultura galega.

Moitas veces teño cavilado que sería Filgueira se, en vez de nacer, vivir e traballar en Pontevedra, e dedica-la súa longa existencia a estudar, difundir e artella-la cultura dun país como Galicia, nacesse en San Petersburgo ou Oxford ou en París ou en Heidelberg e vivise esa mesma longa existencia dedicado a estudar, difundir e artellar coa mesma intensidade a cultura rura, inglesa, francesa ou alemá. Poida que hoxe estivésemos falando dun dos intelectuais de maior proxección en Europa.

Cando ós 84 anos saíu elixido presidente do Consello da Cultura Galega, que el deseñara, alguén escribiu nun xornal que era unha pena converte-lo Consello en retiro dourado dun vello. Filgueira leu aquilo e calou. Pero, caladiñamente, desmentiu sendo el precisamente quen lle deu ó Consello nova sede, recursos, brío operativo e autonomía. Filgueira ben sabía que lle

⁴⁰ O curriculum de Filgueira ten 4.533 entradas, segundo o relato de M.J. Fortes.

faltaba o paraugas dunha parte do galeguismo pero el fora e seguía sendo o paraugas de moita xente.

En cambio, cando lle chegaba algún eloxio, como espírito libre, recoñecía erros propios e descargaba sempre os méritos nos colaboradores e nas nosas mulleres. Por iso quero rematar como empecei: dándolle a palabra. O 13 de maio de 1995, máis de 300 persoas, convocadas pola Fundación dos Premios da Crítica, outorgábanlle o título de *Galego Egrexio*. Era un cariño que recibía dun galeguismo laico, plural e non conservador. Foi no Hotel Samil en Vigo. A min encomendáranme que, no nome de todos, puxese voz ó sentimento colectivo e dixen, de xeito moito máis breve, cousas parecidas ás que aquí quedan escritas. Cinco días había que morrera a súa muller, M^a Teresa Iglesias de Oscáriz. Pero alí estaba el e estas foron as súas palabras:

Amigos:

Comprenderedes a miña emoción. Eu pídovos que entendades o senso da miña presenza hoxe aquí.

De ningún xeito podería eu faltar, porque tiña que dicir esa verba que enche tanto, que ten unha significanza tan fonda, esa verba ¡gracias!

Gracias, á Fundación Premios da Crítica de Galicia pola continuidade destes xa dezaoto anos. Gracias, ó xurado que me fai este desmedido honor, coidando sobre todo no que eu teña traballado, coidando na miña fe en Galicia e nos seus destinos; esquencendo erros, porque en tantos anos teñen que ser moitos.

Precisamente o Premio da Crítica vén esixir de min unha autocrítica, ese exame de conciencia que un ten que realizar día a día, tanto para saber se está cumprindo con tódalas súas obrigas, sobre todo coas obrigas para a terra e o pobo de Galicia, e sobre todo tamén cando un volta a vista atrás.

Emocionoume moi fondamente o Premio. Podo dicirvos tamén que foi unha das derradeiras ledicias da miña dona. Foi unha das noticias máis gratas que acolleu nestes derradeiros días da súa vida.

(APLAUSOS)

Dicía Ferro, nesas verbas tan agarimosas certamente e tan excesivamente cheas de louvanzas, nese espello do mellor e nese esquecemento dos erros e do que é discutible, dicía que eu repito moitas veces que Nós somos nós e os nosos mestres.

Teño que dicir tamén que nós somos nós e os nosos amigos, que nós somos nós e os nosos colaboradores. En ningunha das entidades (nin no Seminario de Estudos Galegos, nin no Instituto de Pontevedra, nin no Museo de Pontevedra, nin en Bibliófilos Galegos, nin agora no Consello da Cultura Galega nin en ningunha das Entidades nas que eu teña traballado), en ningunha traballei só. Tiven sempre axudas; tiven sempre colaboura xenerosísima de todos, colaboura co traballo de cantos me axudaron e que teño que lembrar hoxe. Teño que lembrar aquí a colaboura de cantos contribuíron mesmo economicamente cos seus donativos e coas súas aportacións.

E, claro, cando eu hoxe lembro os mestres, cando lembro os amigos, cando recordo aquel primeiro premio, cando tiña 17 anos, na Primeira Festa da Lingua Galega (que xa celebramos o centenario dos que foron alí premiados: de Rodríguez González, de R. de Castillo, de Otero Pedrayo, de Risco, de Cuevillas, de tantos mestres e amigos, en fin, os máis mozos dos premiados eramos Bouza Brey e mais eu), cando eu falo destes mestres, destes colaboradores, non podo esquencer o papel que a miña muller tivo na miña vida: ese papel que teñen as mulleres de todos vós, que vos axudan, que vos sosteñen, que tantas veces terman dos vosos traballos, que terman das vosas ausencias, terman de que adiquedes tanto tempo a todos, cando deberades dedicar, tiñades que dedicar ese tempo moitas veces a elas.

*Aquí fixéronse moitas adicatorias. Dicatorias a todos. Eu tería que dedicar ós mestres, dedicar ós discípulos, dedicar ós que seguen o meu labor nos Centros, dedicar ós que hoxe traballan ó meu lado. Pero eu somentes quero recordar a estas mulleres que axudaron á laboura dos grandes mestres nosos, chámense Fita de Otero Pedrayo, chámense Nenina Fadrique (xa que se premiou a Música en Compostela, que foi unha iniciativa de M. Ruíz Morales), chámense (e vaia para elas o meu recordo) Maruxa Fernández de Seoane, chámense Carmen Muñoz de Dieste.
Nada máis.*